Atendendo ao lugar de residencia durante os seus estudos, os principais municipios de residencia dos estudantes que integran a poboación obxecto deste estudo foron: Vigo (28,4%), Ourense (13,8%), Pontevedra (5,8%), Coruña (2,2%), Redondela (1,9%), Cangas (1,6%), Santiago de Compostela e Marín (1,5% ambos), Pontearreas (1,2%), Vilagarcía de Arousa e Moaña (1,1% ambos) e Porriño, Nigrán e Lugo (1,0%). Estes municipios galegos abranxen o 61,1% da poboación. As localidades non galegas que presentan máis estudantes son Oviedo, León e Madrid.

4.1.2.2 Residencia no momento actual

Este apartado recolle os resultados obtidos relativamente á residencia actual da persoa titulada independentemente da súa situación laboral. A análise das respostas mostra que a porcentaxe de persoas que na actualidade traballan fora de Galicia supoñen o 15,2% dos que responderon a pregunta sobre a súa residencia actual. Neste colectivo existen dous grupos diferenciados: aqueles que residen noutros territorios do Estado (43,6%) e os que o fan en países estranxeiros (56,4%).

A seguir móstrase a distribución xeográfica do local de residencia dos titulados/as que realizaron os seus estudos na Universidade de Vigo:

⁹ Comunidades autónomas con presenza non significativa: Aragón, Navarra, Murcia e La Rioja. Países con presenza non significativa: Angola, Arxentina, Bolivia, Brasil, Cuba, EAU, Ecuador, Francia, Irán, Italia, Marrocos, México, Nicaragua, Países Baixos, Perú, Polonia, Reino Unido, Romenia, Tunicia, Uruguai e Venezuela.

Lugar	%
Galicia	84,9
Outra provincia española	6,6
País estranxeiro	8,6

Obsérvase unha diminución das persoas con residencia en Galicia, que pasa do 95,8% durante os anos de estudo para o 84,9% no momento actual. Isto implica un "saldo negativo" de mobilidade de máis de 10,9 puntos.

Por provincias, os territorios españois nos que na actualidade residen os titulados que realizaron os seus estudos na Universidade de Vigo e que responderon a enquisa son:

Provincia ¹⁰	%
Alicante	0,1
Baleares	0,2
Barcelona	1,9
Biscaia	0,1
Burgos	0,2
Cantabria	0,1
Castellón	0,1
Coruña	11,8
Gran Canaria	0,3
Granada	0,1
Guipúscoa	0,2
La Rioja	0,0
León	0,3
Logroño	0,1
Lugo	3,7
Madrid	4,3
Navarra	0,1
Ourense	17,1
Oviedo	0,7
Pontevedra	56,8
Salamanca	0,1
Santa Cruz de Tenerife	0,1
Segovia	0,1
Tarragona	0,1
Toledo	0,1
Valencia	0,2

10) Provincias con presenza non significativa: Ciudad Real, Cuenca, Girona, Guadalajara, Murcia, Palencia, Cantabria, Soria e Zamora.

Valladolid	0,1
Zaragoza	0,1

No tocante á situación no ámbito español, por provincias vese que existe unha maior dispersión á existente no caso do lugar de residencia durante os estudos. De todas as maneiras, de novo aparecen as provincias onde radican os campus da Universidade de Vigo como lugar de residencia maioritario de persoas tituladas (73,9%).

Por comunidades autónomas a seguir móstrase o lugar de residencia no momento actual:

Comunidade autónoma ¹¹	%
Andalucía	0,1
Aragón	0,1
Asturias	0,7
Baleares	0,2
Canarias	0,4
Cantabria	0,1
Castilla-La Mancha	0,3
Castilla y León	1,0
Cataluña	2,1
Galicia	92,8
La Rioja	0,2
Madrid	0,8
Navarra	0,1
País Basco	0,3
País Valenciano	0,4

Por outro lado, os 37 países estranxeiros nos que residen no momento actual as persoas tituladas inquiridas son:

País	%
África do Sul	0,5
Alemaña	17,7
Andorra	0,5
Arxentina	2,1
Australia	0,5
Austria	2,1
Barbados	0,5
Bélxica	1,6
Bolivia	0,5

11) Comunidade Autónoma con presenza non significativa: Murcia.

Brasil	3,6
Catar	0,5
Colombia	0,5
Chile	2,1
China	0,5
Dinamarca	1,6
Ecuador	1,0
El Salvador	0,5
EUA	3,1
Francia	8,3
Grecia	1,0
India	0,5
Irlanda	3,1
Italia	2,1
México	3,6
Noruega	3,1
Países Baixos	2,6
Panamá	1,0
Polonia	1,0
Portugal	7,8
Reino Unido	20,8
Rep. Checa	0,5
Reunion (Francia)	0,5
Suecia	0,5
Suíza	2,1
Tailandia	0,5
Tunicia	0,5
Venezuela	0,5

Dun xeito máis pormenorizado, o seguinte cadro mostra, por países, principais destinos da emigración aos que se dirixiron as persoas tituladas en función das titulacións realizadas na Universidade de Vigo.

Reino Unido	<p>Enxeñaría en Telecomunicación (10,0%) Tradución e Interpretación (10,0%) Enxeñaría Industrial (7,5%) Publicidade e Relacións Públicas (7,5%) Enxeñaría de Minas (5,0%) Ciencias do Mar (5,0%) Química (5,0%) Outras: Administración e Dirección de Empresas, Bioloxía, Ciencias da Actividade Física e do Deporte, Dereito, Dereito Económico, Economía, Maxisterio, Enfermaría, Enx. Téc. de Telecomunicación, Enx. Téc. en Informática de Xestión, Enx. Téc. Industrial, Enxeñaría en Informática, Filoloxía Galega, Filoloxía Inglesa, Fisioterapia e Psicopedagogía.</p>
Alemaña	<p>Enxeñaría Industrial (17,6%) Enxeñaría de Telecomunicación (14,7%) Ciencias do Mar (8,8%) Enx. Téc. Industrial (8,8%) Química (8,8%) Enxeñaría de Minas (5,9%) Tradución e Interpretación (5,9%) Outras: Administración e Dirección de Empresas, Belas Artes, Bioloxía, Economía, Enfermaría, Enx. Téc. Agrícola, Enx. Téc. en Informática de Xestión e Filoloxía Hispánica</p>
Francia	<p>Enxeñaría en Telecomunicación (31,3%) Bioloxía (12,5%) Enxeñaría Industrial (12,5%) Enxeñaría de Minas (12,5%) Outras: Ciencias do Mar, Enx. Téc. de Telecomunicación e Tradución e Interpretación</p>
Portugal	<p>Belas Artes (13,3%) Outras: Ciencias do Mar, Ciencias Empresariais, Enfermaría, Enx. Téc. Industrial, Física e Tradución e Interpretación</p>
Brasil	<p>Química Enxeñaría en Telecomunicación</p>
México	<p>Ciencias do Mar (28,6%) Outras: Dereito Económico, Economía, Enxeñaría Industrial e Turismo</p>
Estados Unidos	<p>Enxeñaría en Telecomunicación (33,3%) Outras: Bioloxía, Enxeñaría Industrial e Tradución e Interpretación.</p>
Irlanda	<p>Ciencias do Mar (33,3%) Outras: Administración e Dirección de Empresas, Fisioterapia, Maxisterio, Tradución e Interpretación.</p>
Noruega	<p>Ciencias do Mar (33,3%) Enxeñaría Industrial (33,3%) Outras: Enx. Téc. Industrial e Maxisterio</p>

4.1.3 Ámbitos de coñecemento

Os estudos con maior representación na mostra obtida son as titulacións do ámbito xurídico-social co 44,3% das respostas. En segundo lugar, cunha porcentaxe inferior, mais tamén importante, están as respostas dos titulados/as do ámbito tecnolóxico (30,5%). A seguir, aparecen as titulacións do ámbito de arte e humanidades (9,7%) e científico (9,5%). Finalmente, cunhas porcentaxes máis reducidas, áchanse os estudos dos ámbitos das ciencias da saúde (4,6%) e multidisciplinar¹² (1,4%).

	Distribución da poboación	Distribución da mostra
Arte e humanidades	8,1	9,7
Científico	6,8	9,5
Ciencias da saúde	6,6	4,6
Tecnolóxico	27,6	30,5
Xurídico-social	47,0	44,3
Multidisciplinar	3,9	1,4

Como se pode observar, a menor proporción que na mostra manifestan as titulacións dos ámbitos ámbito xurídico-social, multidisciplinar e das ciencias da saúde están “compensadas” pola maior porcentaxe das titulacións dos ámbitos tecnolóxico, científico e de arte e humanidades.

4.1.4 Tipoloxía da titulación

O seguinte cadro mostra a distribución das persoas tituladas en función da tipoloxía do título obtido na Universidade de Vigo no período avaliado. As categorías son: diplomatura, enxeñaría técnica, enxeñaría, grao superior, graduado universitario, grao, licenciatura e mestrado.

	Poboación	Mostra
Diplomatura	31,2	24,9
Enxeñaría técnica	10,6	10,8
Enxeñaría	11,9	16,8
Grao	1,6	3,0
Licenciatura	28,0	35,4
Mestrado	13,9	9,0
Outros ¹³	2,8	0,1

Como se pode comprobar, un 9,0% da mostra obtida está formada por persoas tituladas nalgún

12) O ámbito multidisciplinar está formado principalmente polos mestrados de Profesorado, Innovación Industrial e optimización de procesos, Física Aplicada e polos Graduados Superior e Universitario Sénior.

13) Grao Superior e Graduado Universitario, con porcentaxes na poboación de 0,5% e 2,3%, respectivamente.

dos mestrados ofertados pola Universidade de Vigo, proporción inferior ao seu peso relativo dentro da poboación (13,9%).

O seguinte cadro mostra a evolución da poboación en función da tipoloxía do título obtido ao longo do período avaliado (2005-10).

Título	2005	2006	2007	2008	2009	2010
Diplomatura	33,8	34,2	34,9	31,7	27,9	27,2
Enxeñaría técnica	9,7	11,8	13,2	11,3	9,7	8,8
Enxeñaría	12,2	13,9	13,8	18,2	8,3	7,2
Grao superior	0,1	0,4	1,0	0,5	0,3	0,6
Graduado universitario	1,7	1,6	1,6	3,2	2,4	2,8
Grao	-	-	-	-	3,1	5,0
Licenciatura	42,4	37,5	29,2	23,8	22,5	18,9
Mestrado	-	0,5	6,3	11,3	25,7	29,7

Como se pode comprobar, desde a súa aparición no ano 2006, a evolución da matrícula en mestrados aumentou considerabelmente durante o período avaliado até se tornar na principal tipoloxía de título emitido pola Universidade de Vigo no ano 2010.

4.1.5 Campus universitario

A mostra obtida distribúese por campus do seguinte modo: Vigo (59,0%), Ourense (23,6%) e Pontevedra (17,4%).

Como se pode observar no seguinte cadro, máis de dous terzos das persoas tituladas dos campus de Pontevedra e Ourense son mulleres (72,0% e 68,1%, respectivamente), alcanzando o 55,5% no de Vigo.

Campus	Muller	Home
Vigo	55,5	44,5
Ourense	68,1	31,9
Pontevedra	72,0	28,0

O seguinte cadro reflecte a distribución da mostra por ámbitos académicos nos distintos campus:

	Ourense	Pontevedra	Vigo	Total
Arte e humanidades	2,4	16,0	10,8	9,7
Ciencias	6,0	1,5	13,2	9,5
Ciencias da saúde	4,4	9,2	3,4	4,6
Tecnolóxico	20,3	6,8	41,5	30,5
Xurídico-social	65,8	65,4	29,5	44,3
Multidisciplinar	1,1	1,1	1,6	1,4

Como se pode observar, mentres que nos campus de Pontevedra e de Ourense existe un predominio das titulacións do ámbito xurídico-social, no de Vigo as titulacións predominantes son as da rama tecnolóxica.

4.1.6 Ano de titulación

O seguinte cadro constata a existencia dunha maior dispersión das respostas na mostra obtida que na poboación. Isto débese a que se inquiriu polo ano de finalización dos últimos estudos universitarios (titulacións, mestrados e/ou cursos de posgrao) que máis relación tiñan co perfil profesional, circunstancia que abriu o abano prefixado para as promocións comprendidas entre os anos 2005-2010. Ora ben, os integrantes da mostra completaron estudos universitarios nese período ao abrigo dos datos fornecidos pola Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade.

Ano	Poboación	Mostra
2002	-	0,3
2003	-	0,4
2004	-	0,6
2005	14,8	4,8
2006	14,2	13,4
2007	14,7	11,4
2008	16,6	12,9
2009	18,9	11,8
2010	20,9	18,8
2011	-	16,6
2012	-	3,3
2013	-	2,9
2014	-	2,0
2015	-	0,2
Outros	-	0,2

4.2 SITUACIÓN LABORAL DAS PERSOAS TITULADAS

Nesta epígrafe móstranse datos sobre a situación laboral das persoas tituladas da Universidade de Vigo no momento de realizar a enquisa en aspectos relacionados coa situación de actividade.

4.2.1 Situación laboral

No momento da realización da enquisa (entre decembro de 2014 e marzo de 2015), o 70,0% das persoas tituladas traballaban por conta allea. A segunda situación máis frecuente era a de

desempregado na procura de traballo (17,9%). Un 8,5% das persoas inquiridas tiñan a situación laboral de traballo por conta propia.

Situación	%	%	Situación (agregado)
Empregado por conta allea na empresa privada	52,0	70,0	Traballo por conta allea
Traballa para a administración, funcionario/a	18,0		
Desempregado na procura de emprego	17,9		
Autoemprego, traballador/a autónomo/a	6,8	8,5%	Traballo por conta propia
Empresario (titular dunha empresa)	1,7		
Estudante	2,8		
Outras situacións	0,8		

O seguinte cadro mostra a distribución porcentual de respostas por xéneros:

Situación	Home	Muller
Empregado por conta allea na empresa privada	59,1	47,5
Traballa para a administración, funcionario/a	15,8	19,4
Desempregado na procura de emprego	13,3	20,9
Autoemprego, traballador/a autónomo/a	6,3	7,2
Empresario (titular dunha empresa)	2,7	1,0
Estudante	2,3	3,0
Outras situacións	0,5	1,0

Por ámbitos académicos, a situación laboral segue a seguinte distribución porcentual:

Situación	Arte e humanidades	Ciencias da saúde	Científico	Tecnolóxico	Xurídico-social
Empregado por conta allea na empresa privada	41,2	32,8	31,0	70,2	49,3
Traballa para a administración, funcionario/a	13,0	36,0	34,1	10,5	18,9
Desempregado na procura de emprego	23,3	24,0	23,9	12,0	18,8
Autoemprego, traballador/a autónomo/a	17,2	2,4	2,7	3,8	7,9
Empresario (titular dunha empresa)	1,5	0,8	1,2	2,2	1,4
Estudante	3,8	2,4	5,9	1,3	2,9
Outras situacións	0,0	1,6	1,2	0,0	0,8

O Anexo A4 mostra a situación laboral por titulacións.

O seguinte cadro mostra a situación laboral das persoas inquiridas en función do seu lugar de residencia na actualidade.

Situación	España	Estranxeiro	Galicia	%
Empregado por conta allea na empresa privada	58,5	60,9	49,9	52,0
Traballa para a administración, funcionario/a	17,0	23,4	17,2	18,0
Desempregado na procura de emprego	15,6	5,2	19,9	17,9
Autoemprego, traballador/a autónomo/a	4,8	5,2	7,6	6,8
Empresario/a (titular dunha empresa)	0,0	0,5	1,9	1,7
Estudante	2,0	4,2	2,7	2,8
Outras situacións	2,1	0,6	0,8	0,8

Como se pode observar, as persoas tituladas residentes en Galicia son as que sofren os maiores índices de desemprego, ben como as que presentan unha proporción superior de traballadores autónomos e de empresarios titulares dunha empresa. O feito de que as persoas emigradas a países estranxeiros presenten a taxa máis elevada de traballo para a administración é debido fundamentalmente á súa ocupación como investigadores en organismos públicos, daí que este colectivo sexa o que presente tamén a máis alta proporción de estudantes.

4.2.2 Situación de emprego

Á pregunta directa sobre se a persoa inquirida traballaba no momento actual, un 78,5% das persoas inquiridas respondeu afirmativamente. Dentro deste colectivo predominan os que traballan por conta allea (89,2%) contra os que o fan por conta propia (10,8%). Esta taxa de actividade alcanza un valor do 90,1% entre as persoas tituladas que residen no estranxeiro, seguida do 81,0% nos que emigraron para outro territorio do Estado español, manténdose no 76,6% entre os que residen en Galicia.

Por xéneros, a taxa de actividade dos homes (83,8%) é superior á das mulleres (75,0%). Por ámbitos de coñecemento, as titulacións que presentan unha maior taxa de actividade son as tecnolóxicas (86,7%) e as xurídico-sociais (77,3%) seguidas polas ciencias da saúde (73,6%), de arte e humanidades (72,5%) e científico (69,0%).

Por titulacións (ver Anexo A5) presentan unha taxa de ocupación superior ao 85% os titulados/as en Enxeñaría en Informática (98%), Enxeñaría de Telecomunicacións (97,5%), Enx. Téc. de Telecomunicacións (90,9%), Comunicación Audiovisual (89,7%), Enxeñaría Industrial (88,5%), Educación Social (87,2%), Fisioterapia (87%) e Dereito Económico (85,4%). Polo contrario, as taxas de ocupación máis baixas prodúcense entre os titulados en Historia (41,7%), Xestión e Dirección da Administración Pública e Turismo (57,1% ambos), Belas Artes (63,2%), Enxeñaría Técnica Forestal (63,3%) e Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (65,0%).

Entre as persoas tituladas en situación de emprego foron identificados os seguintes grupos:

Traballo por conta allea na empresa privada

Esta é a situación maioritaria das persoas que responderon á enquisa (52,0%), sendo superior a proporción de homes (59,1%) que a de mulleres (47,5%). Por ámbitos académicos, esta situación é a predominante nas persoas tituladas da rama tecnolóxica (70,2%), case metade da xurídica-social (49,3%), 41,2% no ámbito de arte e humanidades, 32,8% no das ciencias da saúde e 31,0% no científico.

Traballo por conta allea para a administración

Esta situación laboral, que abranxe ao 18,0% das persoas que responderon á enquisa, presenta máis proporción nas mulleres (19,4%) que nos homes (15,8%). Por ámbitos académicos destaca a maior proporción nas persoas tituladas nas ciencias da saúde (36,0%) e científico (34,1%) contra o 10,5% do tecnolóxico, 13,0% de arte e humanidades e 18,9% do xurídico-social.

Traballo por conta propia como autoemprego

As persoas que traballan autoempregadas ou como autónomas representan o 6,8% da mostra, sendo superior a proporción de mulleres (7,2%) que a de homes (6,3%). Por ámbitos académicos destaca a maior proporción de titulados/as do ámbito de arte e humanidades (17,2%) contra o xurídico-social (7,9%), tecnolóxico (3,8%), científico (2,7%) e ciencias da saúde (2,4%).

Traballo por conta propia como empresario/a (titular dunha empresa)

Os empresarios titulares dunha empresa constitúen o 1,7% das persoas tituladas entrevistadas, sendo superior a proporción de homes (2,7%) á de mulleres (1,0%). Por ámbitos académicos, destaca a maior proporción de titulados/as do ámbito tecnolóxico (2,2%) contra o das ciencias da saúde (0,8%), científico (1,2%), xurídico-social (1,4%) e de arte e humanidades (1,5%).

4.2.3 Situación de desemprego

A situación de desemprego, isto é, as persoas que non traballan e que están a procurar emprego no momento da realización da enquisa, afecta ao 17,9% das persoas inquiridas (20,9% no caso das mulleres contra 13,3% dos homes). A situación de desemprego alcanza o máximo valor entre os que residen en Galicia (19,9%) contra o mínimo do 5,2% dos que emigraron para un país estranxeiro. A taxa de desemprego das persoas tituladas que emigraron para outro territorio do Estado español é do 15,6%.

Por ámbitos académicos, as porcentaxes de persoas tituladas desempregadas varían entre o 24,0% nas titulacións do ámbito das ciencias da saúde e 23,9% do científico e 23,3% de arte e humanidades e o 18,8% xurídico-social e 13,0% do tecnolóxico. Por tanto, a proporción dos titulados/as desempregados/as que procuran emprego do ámbito das ciencias da saúde case duplica á do tecnolóxico.

O Anexo A4 mostra a distribución porcentual das persoas tituladas que se achan nunha situación de desemprego por titulacións.

4.2.4 Tempo de procura de emprego

O tempo medio de procura de emprego das persoas tituladas inquiridas que están en situación de desemprego é de 13,89 meses.

O seguinte cadro mostra a distribución do tempo de procura de emprego:

Tempo	%
0 – 3 meses	30,5
3 – 6 meses	19,3
6 – 12 meses	16,5
1 – 2 anos	15,5
Máis de 2 anos	18,2

Como se pode comprobar, o 15,5% das persoas inquiridas áchase en situación de desemprego de longa duración ao levar polo menos doce meses na procura de emprego. A proporción dos desempregados/as de moi longa duración (que levan polo menos 24 meses en situación de desemprego) é do 18,2%. Estes dous grupos representan un terzo (33,7%) dos titulados/as inquiridos en situación de desemprego.

Por xéneros, o tempo medio de procura de emprego das mulleres (13,96 meses) é levemente superior ao dos homes (13,72 meses).

Por ámbitos de coñecemento existen diferenzas con significancia estatística. Así sendo, as persoas tituladas da rama de arte e humanidades e científico son as que levan máis tempo á procura de emprego (16,35 meses e 14,48 meses, respectivamente). Nunha situación intermedia estarían as da rama xurídico-social (13,78 meses) e tecnolóxica (13,81 meses). Os/as titulados que menos tempo levan a procurar emprego son os das ciencias da saúde (7,47 meses).

O Anexo A6 mostra a distribución do tempo de procura de emprego por titulacións.

4.3 CARACTERÍSTICAS DO EMPREGO ACTUAL

Esta epígrafe abarca a parte máis interesante da análise de cara a determinar a especialización profesional das persoas tituladas da Universidade de Vigo. As características do emprego actual, que implican ter conseguido un certo nivel de estabilidade no desenvolvemento laboral, supoñen a consecución duns obxectivos profesionais a teor da formación e experiencias universitarias previas.

4.3.1 Tipoloxía de contrato

A maioría das persoas inquiridas que traballan (54,3%) posúen un contrato de duración indefinida, seguido pola modalidade temporal (17,9%) e por obra/servizo (10,5%). O resto de categorías presentan porcentaxes inferiores. Así sendo, o 3,9% traballan como bolseiros/as, 1,8% en prácticas e o 0,2% outras categorías (relevo, sen contrato,...). A proporción de persoas que traballan no autoemprego/autónomas é do 11,3%.

Máis pormenorizadamente, o seguinte cadro mostra a tipoloxía do contrato en función do lugar de residencia.

Tipoloxía	España	Estranxeiro	Galicia	Total
Indefinido	66,3	54,7	52,1	54,3
Temporal	12,6	25,9	17,5	17,9
Obra/servizo	10,9	5,6	11,2	10,5
Bolseiro/a	3,5	4,7	3,9	3,9
Autoemprego/autónomo	5,6	6,5	13,0	11,3
En prácticas	1,1	2,2	1,9	1,8
Formación	0,0	0,0	0,3	0,2
Relevo	0,0	0,0	0,2	0,1
Sen contrato	0,0	0,4	0,0	0,0

Cabe destacar que, aínda sendo a tipoloxía maioritaria nos tres ámbitos xeográficos analizados, a maior proporción de contratos de traballo de duración indefinida dáse nas persoas tituladas emigradas para outra provincia española. Por outro lado, resaltar que no estranxeiro é superior a proporción de contratos de duración temporal, ben como Galicia presenta a máis alta porcentaxe de traballadores autónomos.

No tocante ao tipo de contratación que presentaban os titulados/as inquiridos que traballan conta allea (quer na empresa privada, quer para a administración), o 61,1% gozaban dun contrato indefinido. Logo a seguir áchanse os contratos temporais (20,3%) e por obra ou servizo (11,8%). O resto de categorías presentan porcentaxes moito menores: bolseiros (4,4%), contrato en prácticas (2,0%) e outras categorías (entre as que se encontran os contratos de relevo, sen contrato,...) apenas alcanza o 0,3%.

No entanto, a efectos de análise, a tipoloxía de contrato das persoas que traballan por conta allea cabe ser avaliada dependendo de se o traballo é realizado na empresa privada ou na administración.

4.3.1.1 Traballo por conta allea na empresa privada

Predominan as tipoloxías de contrato indefinido (69,3%), por obra/servizo (13,6%) e temporal (11,6%). A máis distancia áchase a modalidade en prácticas (2,5%) ou bolseiro (2,4%). Outras tipoloxías (contrato de formación, de relevo, sen contrato) representan o 0,6%.

	Total	Homes	Mulleres
Indefinido	69,3	75,2	64,7
Obra/servizo	13,6	13,1	13,9
Temporal	11,6	8,1	14,4
Prácticas	2,5	1,3	3,4
Bolseiro	2,4	2,2	2,6
Outros	0,6	0,2	0,9

Por xénero, obsérvase que os homes presentan unha proporción superior contratos de traballo por tempo indefinido (75,2% contra o 64,7%). En consecuencia desta diferenza, as mulleres presentan unha maior proporción de contratos de traballo de tipo temporal, en prácticas e outras modalidades.

O seguinte cadro mostra a distribución de respostas por ámbitos académicos:

	Arte e humanidades	Ciencias	Ciencias da saúde	Tecnolóxico	Xurídico-social
Indefinido	61,0	59,7	64,1	78,9	63,1
Obra/servizo	13,3	22,1	15,4	11,8	14,2
Temporal	17,1	14,3	15,4	6,1	15,3
Prácticas	4,8	1,3	5,1	1,7	3,0
Bolseiro	2,9	2,6	0,0	1,4	3,6
Outros	1,0	0,0	0,0	0,0	0,9

4.3.1.2 Traballo para a administración

Neste caso, as modalidades predominantes son a de funcionario/a de carreira (25,7%), persoal eventual/temporal (25,3%) e funcionario interino (22,1%). A máis distancia áchase os bolseiros/as (10,5%) e o persoal fixo/indefinido (9,8%). O resto de modalidades mal representan o 0,4%.

	Total	Homes	Mulleres
Funcionario/a de carreira	25,7	32,2	22,7
Persoal eventual/temporal	25,3	20,3	27,5
Funcionario/a interino	22,1	18,9	23,7
Bolseiro/a	10,5	10,5	10,5
Persoal fixo/indefinido	9,8	15,6	8,5
Obra/servizo	6,2	5,6	6,4
Outros	0,4	0,0	0,6

Por xénero, obsérvase novamente que os homes presentan unha proporción superior contratos de duración indefinida (47,8% contra 31,2% de mulleres). En consecuencia, o persoal temporal feminino (68,1%) supera grandemente ao masculino (55,3%).

O seguinte cadro mostra a distribución de respostas por ámbitos académicos:

	Arte e humanidades	Ciencias	Ciencias da saúde	Tecnolóxico	Xurídico-social
Funcionario/a de carreira	12,9	5,8	4,8	30,0	37,0
Persoal eventual/temporal	38,7	36,2	66,7	24,3	12,7
Funcionario/a interino	22,6	7,2	11,9	10,0	31,1
Bolseiro/a	16,1	29,0	0,0	10,0	6,4
Persoal fixo/indefinido	9,7	5,8	9,5	10,0	11,0
Obra/servizo	0,0	15,9	7,1	15,7	0,9
Outros	0,0	0,0	0,0	0,0	1,0

Como se pode comprobar, existen diferenzas estatisticamente significativas entre as ramas de ensino. Estas diferenzas son debidas fundamentalmente ás desiguais porcentaxes de incidencia do tipo de traballo indefinido (suma de funcionario/a de carreira e persoal fixo/indefinido), sendo a principal opción nos titulados/as do ámbito xurídico-social (48,0%), seguido polo tecnolóxico (40,0%), arte e humanidades (22,6%), ciencias da saúde (14,3%) e científico (11,6%). A tipoloxía de contrato de duración definida (funcionario interino, persoal eventual/temporal por obra/servizo) o predominante no ámbito das ciencias da saúde (85,7%), arte e humanidades (61,3%), científico (59,3%), tecnolóxico (50,0%) e xurídico-social (44,7%).

4.3.1.3 Traballo por conta propia como autoemprego

Entre as persoas que traballan por conta propia son maioritarias aquelas que o fan prioritariamente como autoempregadas (52,7%), seguido polas que traballan como autónomas para a empresa privada (37,0%). Un 4,3% desenvolve a súa actividade económica fundamentalmente para a administración e un 3,3% tanto para a empresa privada como para a administración pública.

4.3.2 Rama de actividade

A maioría de persoas inquiridas (70,6%) traballa en empresas ou organizacións de tipo privado, case unha cuarta parte (24,9%) en entidades ou institucións de ámbito público e o 4,6% en entidades de tipo non lucrativo.

Como se pode comprobar no seguinte cadro de distribución de respostas por xéneros, as mulleres presentan unha maior presenza nas organizacións do ámbito público en detrimento da empresa privada.

Rama	Home	Muller
Ámbito público	21,0	27,6
Empresa privada	74,9	67,4
Entidade non lucrativa	4,0	5,0

Distribución de respostas por ámbitos académicos:

	Ámbito público	Empresa privada	Entidade non lucrativa
Arte e humanidades	20,1	74,9	5,0
Científico	51,4	45,1	3,4
Ciencias da saúde	53,9	42,7	3,4
Tecnolóxico	13,9	81,7	4,4
Xurídico-social	26,0	69,0	4,9

Os contrastes estatísticos mostran diferenzas significativas ($p < 0,05$). Así, mentres que o ámbito público é maioritario nas persoas tituladas das ciencias da saúde (53,9%) e científico (51,4%), a empresa privada é a rama de actividade maioritaria nos ámbitos tecnolóxico, de arte e humanidades e xurídico-social (81,7%, 74,9% e 69,0%, respectivamente).

O Anexo A7 mostra a distribución de respostas por titulacións.

4.3.3 Sector económico da empresa/institución/organización

Como se pode comprobar no seguinte cadro, o sector económico que concentra máis persoas tituladas é o dos servizos a empresas (14,6%), seguido pola educación privada (8,4%), o sector público (8,2%), servizos informáticos (6,4%), ensino público non universitario (5,9%) e automoción (5,8%).

A máis distancia, cunha proporción de ocupación das persoas que traballan inferior ao 5%, áchase o ensino superior (4,9%), metalúrxico e eléctrico (4,6%), sanidade e saúde (4,4%), enerxía (3,6%) e alimentación (3,5%).

O resto de sectores económicos (que agrupadamente representan o 29,0% das persoas que traballan na actualidade), separadamente presentan unha proporción inferior ao 3%.

Sector económico	Homes	Mulleres	Total
Servizos a empresas	15,3	14,1	14,6
Educación privada	5,1	10,7	8,4
Público	7,7	8,6	8,2
Servizos informáticos	9,2	4,3	6,4
Educación pública	3,4	7,8	5,9
Automoción	9,1	3,4	5,8
Enseño superior	3,9	5,5	4,9
Metalúrxico e eléctrico	6,6	3,1	4,6
Sanidade e saúde	2,8	5,6	4,4
Enerxía	5,8	2,0	3,6
Alimentación	2,2	4,5	3,5

Finanzas	3,2	2,7	2,9
Construción	3,6	1,6	2,4
Agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal	2,3	2,2	2,3
Outras actividades sociais	0,9	3,0	2,1
Téxtil, confección	1,3	2,7	2,1
Transporte, loxística	2,9	1,2	1,9
Turístico	1,3	2,4	1,9
Servizos sociais	1,2	2,3	1,8
Arte/audiovisuais	1,4	2,0	1,7
Telecomunicacións	2,4	1,2	1,7
Química, plástico, vidro, envases	1,5	1,1	1,3
Xurídico	0,8	1,7	1,3
Aseguradoras	0,9	1,4	1,2
Minaría	1,5	0,6	1,0
Deportes/Lecer	0,8	1,2	1,0
Papel, gráficas, edición, reprodución	0,3	1,1	0,8
Madeira	0,9	0,6	0,7
Aeronáutica	0,9	0,2	0,5
Distribución	0,5	0,4	0,4
Comunicación/publicidade	0,0	0,5	0,3
Investigación	0,1	0,2	0,2
Patrimonio	0,1	0,1	0,1
Empregada lar	0,0	0,1	0,0
Xoiaría	0,0	0,1	0,0
Ambiente	0,0	0,1	0,0

Por xéneros, obsérvase que a presenza feminina duplica á masculina en entidades cuxo sector económico se encontra na educación (privada e pública), sanidade e saúde, alimentación, outras actividades sociais, téxtil-confección ou xurídico. Polo contrario, a presenza masculina duplica á feminina en sectores como os servizos informáticos, automoción, metalúrxico-eléctrico, enerxía, construción, transporte/loxística, telecomunicacións ou aeronáutica. Non existen diferenzas significativas relativamente á presenza no sector de servizos a empresas, público, finanzas ou no sector da agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal.

O seguinte cadro mostra a distribución porcentual dos sectores económicos en función dos ámbitos académicos:

	Arte e Humanidades	Ciencias da Saúde	Científico	Multidiscip.	Tecnolóxico	Xurídico-Social
Aeronáutica	0,0	0,0	0,0	0,0	1,4	0,0
Agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal	1,6	0,0	10,5	4,5	2,0	1,2

Alimentación	1,6	0,0	9,4	9,1	2,3	4,0
Arte/audiovisuais	9,3	0,0	0,6	0,0	0,0	2,0
Aseguradoras	0,5	3,4	0,0	0,0	0,7	1,0
Automoción	0,5	0,0	1,2	0,0	14,5	1,5
Comercio	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,1
Comunicación/ publicidade	0,5	0,0	0,0	0,0	0,0	0,6
Construcción	0,0	0,0	2,9	13,6	4,1	1,4
Deportes/lecer	0,0	0,0	0,0	0,0	0,3	2,1
Distribución	1,1	0,0	0,0	0,0	0,3	0,4
Educación privada	24,7	1,1	4,7	13,6	2,1	11,4
Empregada de lar	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,1
Enerxía	0,0	0,0	3,5	0,0	8,8	0,7
Ensino	5,5	2,3	1,8	18,2	0,8	10,8
Ensino superior	8,2	0,0	18,1	9,1	4,7	2,2
Finanzas	0,5	0,0	0,0	0,0	1,0	5,8
Investigación	0,0	0,0	1,2	0,0	0,1	0,0
Xoiaría	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,1
Madeira	0,0	0,0	0,0	0,0	1,1	0,8
Medio Ambiente	0,0	0,0	0,6	0,0	0,0	0,0
Metalúrxico e eléctrico	1,1	0,0	1,8	4,5	9,7	2,3
Minería	0,0	0,0	0,6	0,0	2,3	0,3
Outras actividades sociais	2,2	2,3	0,6	4,5	0,1	3,9
Outsourcing	0,0	0,0	0,0	0,0	0,1	0,0
Papel, gráficas, edición, reproducción	3,3	0,0	0,0	0,0	0,3	0,9
Patrimonio	0,5	0,0	0,0	0,0	0,1	0,0
Público	4,9	8,0	15,2	9,1	5,1	10,2
Química, plástico, vidro, envases	0,0	1,1	6,4	4,5	1,0	0,7
Sanidade e saúde	0,0	72,7	5,8	0,0	0,8	1,3
Servizos a empresas	16,5	1,1	9,9	4,5	14,1	17,2
Servizos informáticos	5,5	0,0	2,9	0,0	15,1	1,3
Servizos Sociais	0,5	6,8	0,0	0,0	0,1	3,3
Telecomunicacións	1,1	0,0	0,0	0,0	3,7	0,8
Téxtil, confección	4,4	0,0	0,6	0,0	1,1	3,0
Transporte, loxística	2,7	1,1	0,0	0,0	1,8	2,1
Turístico	2,7	0,0	1,2	4,5	0,1	3,4
Xurídico	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	3,1

4.3.4 Área funcional

As principais áreas funcionais ás que están adscritas na súa empresa as persoas tituladas que responderon a enquisa son, cun 16,4%, o ensino/docencia (onde a proporción de mulleres máis que duplica á dos homes), 15,3% en produción (neste caso a proporción masculina duplica á feminina) e 12,0% en I+D+i (ocupada polo 15,6% de homes contra 10,1% de mulleres).

Logo a seguir está a área funcional de administración e finanzas (8,8%), vendas e marketing (6,6%), informática (6,1%), servizos xerais (5,3%) e atención ao cliente (5,2%). No 8,6% dos casos as empresas carecían de áreas funcionais diferenciadas.

O seguinte cadro mostra a distribución porcentual da área funcional/departamento en que traballan as persoas inquiridas a nivel global e por xéneros.

Área funcional	Total	Homes	Mulleres
Administración e finanzas	8,8	7,5	10,2
Atención ao cliente	5,2	3,3	6,9
Dirección xeral	3,8	5,5	2,9
Enseño/docencia	16,4	9,1	22,8
I+D+i/Investigación	12,0	15,6	10,1
Informática	6,1	9,5	3,9
Prevenición e saúde	4,3	2,6	5,7
Produción	15,3	22,2	11,2
Recursos humanos	1,5	1,1	1,9
Servizos xerais	5,3	5,3	5,7
Vendas e marketing	6,6	6,1	7,3
Outras	6,1	3,4	2,3
Non existen áreas funcionais diferenciadas na empresa	8,6	8,8	9,1

A presenza masculina mostra máis proporción que a feminina nas áreas de produción, investigación, informática e dirección xeral. Polo contrario, a presenza feminina é superior no caso das áreas funcionais de ensino/docencia, administración e finanzas, vendas e marketing e atención ao cliente.

O seguinte cadro mostra a distribución porcentual por ámbitos académicos:

Área funcional	Arte e Humanidades	Ciencias da Saúde	Científico	Multidiscip.	Tecnolóxico	Xurídico-Social
Administración e finanzas	4,0	0,0	2,9	4,8	2,1	17,7
Atención ao cliente	4,6	11,0	2,3	0,0	1,3	9,0
Dirección xeral	4,0	1,2	1,2	4,8	4,4	4,3

Ensino/docencia	35,4	3,7	7,0	57,1	3,1	26,5
I+D+i/Investigación	5,1	2,4	49,7	9,5	20,9	1,0
Informática	1,7	0,0	1,8	0,0	16,6	0,8
Prevenção e saúde	0,0	61,0	5,3	0,0	1,6	2,2
Produción	10,9	2,4	18,1	9,5	33,1	4,1
Recursos humanos	0,6	0,0	0,0	0,0	0,3	3,3
Servizos xerais	3,4	8,5	4,1	0,0	3,3	7,7
Vendas e marketing	8,6	0,0	2,9	9,5	3,6	10,4
Non existen áreas funcionais diferenciadas na empresa	16,6	9,8	3,5	4,8	6,3	10,5

O Anexo A8 mostra a distribución de respostas por titulacións.

4.3.5 Categoría profesional

Coñecer a categoría profesional do emprego que a persoa titulada desenvolve no momento actual achega unhas informacións moito interesantes sobre a calidade do traballo desenvolvido no momento de realizar a enquisa. Como se mostra no seguinte cadro, un 61,6% desenvolven responsabilidades de técnicos/as cualificados/as. Un 20,8% son mandos intermedios e un 8,5% directivos/as. Até un 8,1% desenvolve o seu traballo consoante categorías que non son propias dos titulados/as superiores (como empregados/as non cualificados/as).

O seguinte cadro compara a categoría profesional por xéneros:

Categoría	Total	Homes	Mulleres
Directivo	8,5	11,3	6,6
Mando intermedio	20,8	26,1	16,9
Técnico/a cualificado/a	61,6	57,1	64,9
Empregado/a non cualificado/a	8,1	4,9	10,1
Outros	1,0	0,6	1,5

Encontráronse diferenzas estatisticamente significativas por xéneros, concluíndo que a proporción de homes directivos case duplica á de mulleres (11,3% contra 6,6%) e, polo contrario, as mulleres que desenvolven empregos non cualificados duplican os homes (10,1% contra 4,9%).

O seguinte cadro mostra a comparativa por ámbitos académicos (datos en %):

Categoría	Arte e humanidades	Ciencias da saúde	Científico	Tecnolóxico	Xurídico-social
Directivo	8,9	4,5	4,0	8,2	9,7

Mando intermedio	13,2	13,5	15,9	28,4	18,3
Técnico/a cualificado/a	71,6	78,7	75,0	60,5	55,9
Empregado/a non cualificado/a	6,3	3,4	4,5	2,5	13,8
Outros	0,0	0,0	0,6	0,4	2,3

Ao comparar a categoría profesional por ámbitos académicos existen diferenzas estatisticamente significativas. As categorías propias dos titulados/as universitarios (directivo, mando intermedio e técnico cualificado) representan o 97,1% das persoas tituladas do ámbito tecnolóxico, o 96,7% das ciencias da saúde, 94,9% do científico, 93,7% do humanístico e o 83,9% do xurídico-social.

O Anexo A9 mostra a distribución porcentual de respostas por titulacións.

4.3.6 Tamaño da organización

A distribución de persoas tituladas en función do tamaño da empresa/organización en que traballan (dado polo número de traballadores¹⁴) responde á seguinte secuencia: grande empresa (39,7%), microempresa (22,8%), pequena empresa (20,5%) e mediana empresa (17,0%).

Aínda que a recomendación da UE defina como grandes empresas aquelas que contan cun persoal igual ou superior aos 250 traballadores/as, a efectos de análise, esta categoría segmentouse máis pormenorizadamente, diferenciando as que teñen entre 251-100 traballadores, entre 501-1000 e as de máis de 1000, obténdose a seguinte distribución.

Tamaño		%
Microempresa	1-10	22,8
Pequena empresa	11-50	20,5
Mediana empresa	51-250	17,0
Grande empresa	251-500	7,1
	501-1000	4,7
	Máis de 1000	27,9

O seguinte cadro compara a o tamaño da organización en que traballa por xéneros:

Tamaño	Homes	Mulleres
Microempresa	32,7	67,3
Pequena empresa	37,2	62,8
Mediana empresa	46,1	53,9
Grande empresa	48,1	51,9

¹⁴ Clasificación segundo Recomendación da Comisión das Comunidades Europeas de 6/05/2003 (DOCE L 124 de 20/5/2003), en vigor desde 1/1/2005. Esta disposición contén a definición de microempresas, pequenas e medianas empresas adoptada pola Comisión.

Como se pode comprobar, a presenza masculina aumenta conforme aumenta o tamaño da empresa. A presenza feminina é maioritaria nas microempresas e as de pequeno tamaño.

O seguinte cadro compara a o tamaño da organización en que traballa por ámbitos académicos:

Tamaño	Arte e humanidades	Ciencias da saúde	Científico	Tecnolóxico	Xurídico-social
Microempresa	33,1	14,0	14,2	14,2	29,7
Pequena empresa	19,4	15,1	19,1	16,2	24,8
Mediana empresa	21,1	10,5	17,3	19,1	15,1
Grande empresa	26,3	60,5	49,4	50,6	30,4

Existen relacións de dependencia estatística por ámbitos académicos. Así sendo, as persoas con titulacións dos ámbitos das ciencias da saúde e tecnolóxico presentan unha proporción elevada de emprego en empresas de grande tamaño (60,5% e 50,6%, respectivamente). A maior proporción de titulados/as traballando en microempresas prodúcese nas ramas de arte e humanidades (33,1%) e xurídico-social (29,7%).

O Anexo A10 mostra a distribución porcentual de respostas por titulacións.

Nunha análise máis pormenorizada, o seguinte cadro mostra o tamaño da empresa en función da súa rama de actividade (pública, privada ou non lucrativa).

	Ámbito público	Ámbito privado	Non lucrativa
Microempresa	8,0	88,9	3,1
Pequena empresa	20,6	72,9	6,5
Mediana empresa	20,5	72,7	6,7
Grande empresa	33,9	62,4	3,8

Como se pode comprobar, a empresa de ámbito privada é predominante en todos os tamaños empresariais, presentando a súa maior proporción nas microempresas. As empresas públicas posúen unha maior presenza nas de grande tamaño mentres que as a presenza das tipo non lucrativo é maior nas de tamaño pequeno e medio.

O seguinte cadro mostra o tamaño da organización en que traballa segundo o lugar de residencia na actualidade.

Situación	España	Estranxeiro	Galicia	% TOTAL
Microempresa	9,6	8,6	26,3	22,8
Pequena empresa	11,3	13,3	22,3	20,5
Mediana empresa	15,1	19,9	16,1	17,0
Grande empresa	59,9	55,5	31,1	39,7

Estes datos constatan o predominio das microempresas e as de pequeno tamaño na economía galega, pois estas dúas categorías absorben case a metade (48,6%) das persoas tituladas que

traballan no momento actual. En consecuencia, a presenza de empresas de grande tamaño é minoritario na Galicia fronte ao estranxeiro e outros territorios do Estado español.

O Anexo A11 mostra a distribución do tamaño das empresas en función do sector económico en que desenvolve a súa actividade.

4.3.7 Permanencia no traballo actual

O tempo de permanencia medio das persoas tituladas no seu traballo actual é de 44,67 meses. O seguinte cadro mostra a distribución temporal da permanencia laboral dos titulados/as que traballaban no momento de realizar a enquisa:

Permanencia	%
Até un ano	27,9
1-2 anos	15,9
2-3 anos	10,8
3-4 anos	11,3
4-5 anos	7,6
5-6 anos	6,5
Máis de 6 anos	20,0

Dentro do primeiro tramo temporal cabe destacar que a porcentaxe das persoas tituladas inquiridas que levan traballando no seu emprego actual até seis meses é do 16,9% e do 11,0% entre os seis meses e o primeiro ano.

Unha análise máis detallada desta variábel por xéneros permítenos comprobar que os homes levan traballando no seu emprego actual máis tempo que as mulleres (51,38 contra 39,95 meses).

Por ramas do ensino, levan máis tempo traballando no seu emprego actual os titulados/as da rama tecnolóxica (49,74 meses), ciencias da saúde (46,00 meses) e xurídico-social (44,75 meses), seguido polos de arte e humanidades (34,84 meses) e científico (34,76 meses).

O seguinte cadro mostra a tipoloxía de contrato en función do tempo de permanencia no seu traballo actual.

	0-6 meses	6-12 meses	Até un ano	1-2 anos	2-3 anos	3-4 anos	4-5 anos	5-6 anos	Máis de 6 anos
Autoemprego/ autónomo	9,0	14,7	11,3	19,7	17,0	11,5	7,9	6,3	8,0
Bolseiro/a	9,0	8,3	8,7	5,1	0,5	4,0	0,0	0,0	0,3
En prácticas	3,7	6,5	4,8	2,9	1,1	0,0	0,0	0,0	0,0

Formación	0,6	0,0	0,4	0,0	0,5	0,0	0,0	0,0	0,0
Indefinido	24,7	29,0	26,4	40,5	62,2	71,0	77,0	77,8	85,5
Obra/servizo	20,4	14,7	18,1	2,2	2,1	2,5	0,0	1,6	1,0
Relevo	0,3	0,5	0,4	0,0	0,0	0,5	0,0	0,0	0,0
Sen contrato	0,0	0,0	0,0	0,4	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Temporal	32,4	26,3	29,9	29,2	16,5	10,5	15,1	14,3	5,3

A seguir móstrase a categoría profesional en función do tempo de permanencia na empresa.

	0-6 meses	6-12 meses	1-2 anos	2-3 anos	3-4 anos	4-5 anos	5-6 anos	Máis de 6 anos
Directivo	9,2	11,0	19,7	8,7	10,4	5,2	4,6	31,2
Mando intermedio	12,1	9,7	12,8	8,8	11,6	9,0	8,6	27,3
Técnico cualificado	17,5	10,8	17,2	12,1	11,5	7,9	5,8	17,2
Empregado non cualificado	31,0	14,6	10,1	9,5	9,5	5,1	8,9	11,4
Outro	29,2	25,0	12,5	4,2	8,3	4,2	4,2	12,5

	Directivo	Mando intermedio	Técnico cualificado	Empregado non cualificado	Outro
0-6 meses	4,7	14,9	64,1	14,3	2,0
6-12 meses	10,5	16,7	67,0	4,9	0,9
1-2 anos	13,3	28,3	53,3	4,4	0,7
2-3 anos	6,8	16,8	69,1	6,8	0,5
3-4 anos	7,9	21,4	63,3	6,6	0,9
4-5 anos	5,8	24,4	64,1	5,1	0,6
5-6 anos	6,1	27,3	55,3	10,6	0,8
Máis de 6 anos	8,4	18,2	60,4	10,2	2,7

Finalmente, o seguinte cadro mostra a distribución porcentual do tempo de permanencia en función do tamaño da organización en que se traballa.

	0-6 meses	6-12 meses	1-2 anos	2-3 anos	3-4 anos	4-5 anos	5-6 anos	Máis de 6 anos
Microempresa	20,2	16,4	18,6	11,2	9,0	5,2	6,3	13,2
Pequena	17,7	7,4	16,2	10,8	10,6	9,6	7,4	20,4
Mediana	18,7	10,8	13,6	9,3	12,3	8,4	5,1	21,7
Grande	12,9	10,0	14,9	11,1	12,7	7,5	7,1	23,9

	Microempresa	Pequena	Mediana	Grande
0-6 meses	27,8	22,2	19,1	30,9
6-12 meses	26,8	21,3	14,5	37,4
1-2 anos	14,8	20,8	18,0	46,5

2-3 anos	23,7	20,9	14,7	40,8
3-4 anos	17,9	19,3	18,4	44,4
4-5 anos	15,5	26,4	18,9	39,2
5-6 anos	21,5	23,1	13,1	42,3
Máis de 6 anos	33,6	13,8	16,6	35,9

4.4 NECESIDADES FORMATIVAS DE ESPECIALIZACIÓN PROFESIONAL

A seguir preséntanse, por titulacións, os complementos académicos que as persoas inquiridas acharon máis importantes a fin de mellorar os programas das titulacións que cursaron.

ARTE E HUMANIDADES

Licenciatura en Belas Artes

Complemento	%
Debuxo técnico	3,5
Deseño gráfico	21,1
Deseño web	10,5
Deseño aplicativos móbiles	5,3
Idiomas	15,8
Formación e Orientación Laboral (FOL)	17,5
Autoemprego/Economía empresa	14,0
Técnicas de pintura	8,8
Prácticas en empresas	7,0
Software de deseño	17,5
Social media	5,3
Marketing	7,0
Xestión cultural	7,0

Licenciatura en Filoloxía Galega

Complemento	%
Idiomas	40,0

Licenciatura en Filoloxía Hispánica

Complemento	%
Didáctica	46,2
Idiomas	15,4
Literatura	15,4
Novas tecnoloxías/informática	30,8

Licenciatura en Filoloxía Inglesa

Complemento	%
Didáctica	28,6
Novas tecnoloxías	9,5
Idiomas	23,8
Prácticas en empresas	19,0
Tradución	14,3

Licenciatura en Historia

Complemento	%
Arquivística	50,0
Biblioteconomía	33,3

Licenciatura en Tradución e Interpretación

Complemento	%
Internacionalización	8,8
Fiscalidade	10,3
Idiomas	19,1
Informática	11,8
Interpretación	14,7
Localización/tradución de videoxogos	5,9
Autoemprego	17,6
Formación e Orientación Laboral (FOL)	8,8
Pedagogía	2,9
Prácticas en empresas	8,8
Software de tradución	13,2
Tradución especializada	19,1
Dobraxa	4,4
Economía da empresa	5,9
Xestión de proxectos	2,9
Redes sociais	2,9

CIENTÍFICO

Licenciatura en Bioloxía

Complemento	%
Sanitaria	4,2
Bioloxía molecular	4,2

Calidade	12,5
Técnicas estatísticas	10,4
Idiomas	18,8
Ambiente	8,3
Microbioloxía	6,3
Formación e Orientación Laboral (FOL)	8,3
Bioinformática	8,3

Licenciatura en Ciencias do Mar

Complemento	%
Técnicas estatísticas	15,5
Formación e Orientación Laboral (FOL)	17,2
Idiomas	20,7
Informática	5,2
Prácticas en empresas	8,6
Programación	22,4
Sistema de Información Xeográfica (SIG)	12,1

Licenciatura en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos

Complemento	%
Calidade alimentar	25,0
Dietética	16,7
Formación e Orientación Laboral (FOL)	25,0
Nutrición	16,7
Idiomas	16,7

Licenciatura en Física

Complemento	%
Investigación	14,3
Idiomas	21,4
Economía da empresa	21,4
Prácticas en empresas	28,6

Licenciatura en Química

Complemento	%
Calidade	20,0
Idiomas	23,3
Formación e Orientación Laboral (FOL)	13,3

Prácticas en empresas	20,0
Química	10,0
Economía da empresa	6,7

CIENCIAS DA SAÚDE

Diplomatura en Enfermería

Complemento	%
Coidados de enfermaría	7,4
Especialidades de enfermaría	16,2
Farmacoloxía	5,9
Formador	2,9
Investigación	19,1
Idiomas	26,5
Mestrado	14,7
Formación e Orientación Laboral (FOL)	7,4
Prácticas clínicas	4,4
Psicoloxía	4,4
Sanidade/saúde	10,3
Urxencias e emerxencias	7,4
Novas tecnoloxías	13,2

Diplomatura en Fisioterapia

Complemento	%
Fisioterapia deportiva	12,5
Cadeas musculares	12,5
Fisioterapia respiratoria	25,0
Fisioterapia manipulativa/articular	12,5
Xestión empresarial	12,5
Fisioterapia neurolóxica	18,8
Reeducación perineal	12,5

TECNOLÓXICO

Enxeñaría de Minas

Complemento	%
Calidade	10,0
Software especializado	20,0
Programas de deseño industrial	12,0

Economía da empresa	26,0
Idiomas	26,0
Laboreo/explosivos	4,0
Lexislación	12,0
Prevenición de Riscos Laborais (PRL)	10,0
Ofimática	10,0
Prácticas en empresas	18,0
Xestión de proxectos	12,0

Enxeñaría Industrial

Complemento	%
Administración de empresas	11,2
Automatización	3,0
Software de deseño industrial	10,7
Calidade	3,6
Internacionalización	4,1
Enerxía	9,5
Software de xestión empresarial	2,4
Idiomas	20,7
Instalacións	4,7
Lean	7,1
Loxística	3,0
Prácticas en empresas	3,0
Programación	5,9
Xestión de proxectos	14,8
Idiomas	0,0
Cálculo estrutural	1,2
Xestión de equipos/lideranza	7,7
Prevenición de Riscos Laborais (PRL)	1,2
Oratoria	3,0
Soldadura	1,2
Electrotecnia	1,2
Ofimática	1,2

Enxeñaría Técnica de Telecomunicacións

Complemento	%
Administración de empresas	37,5
Investigación	12,5
Formación e Orientación Laboral (FOL)	25,0
Redes	25,0

Xestión de proxectos	18,8
Prácticas	18,8
Oratoria	12,5
Idiomas	18,8

Enxeñaría en Telecomunicacións

Complemento	%
Administración de empresas	34,4
Antenas	2,2
Bases de datos	5,6
Certificación de redes	8,9
Acústica	3,3
Informática	3,3
Idiomas	16,7
Xestión de equipos/lideranza	4,4
Formación e Orientación Laboral (FOL)	3,3
Prácticas en empresas	10,0
Oratoria	5,6
Programación	20,0
Redes	8,9
Xestión de proxectos	18,9

Enxeñaría Técnica Industrial

Complemento	%
Automatización	7,6
Software de deseño industrial	7,6
Economía da empresa	10,1
Electricidade	3,4
Enerxía	5,9
Idiomas	17,6
Informática	6,7
Enxeñaría da Soldadura	3,4
Instalacións	12,6
Manutención	5,9
Matemáticas	2,5
Materiais	2,5
Prácticas	3,4
Prevenção de Riscos Laborais (PRL)	8,4
Loxística	2,5

Xestión de grupos/lideranza	2,5
Electrónica	4,2
Programación	6,7
Robótica	4,2
Xestión de proxectos	6,7
Electrónica	2,5

Enxeñaría en Informática

Complemento	%
Bases de datos	14,7
Aplicacións móbeis	26,5
Economía da empresa	5,9
Desenvolvemento de software	8,8
Formación e Orientación Laboral (FOL)	5,9
Programación	8,8
Tecnoloxías web	26,5
Xestión de proxectos	14,7
Big data	8,8
Idiomas	8,8

Enxeñaría Técnica Agrícola

Complemento	%
Alimentación	8,0
Calidade	12,0
Cultivos e produción	8,0
Administración de empresas	12,0
Enoloxía	8,0
Investigación	12,0
Idiomas	12,0
Prácticas	8,0
Prácticas en empresas	28,0
Prevenición de Riscos Laborais (PRL)	12,0
Sistemas de Información Xeográfica (SIG)	16,0

Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión

Complemento	%
Bases de datos	8,7
Tecnoloxías web	17,4
Idiomas	13,0

Programación	8,7
Tecnoloxías móbiles	26,1
Xestión de proxectos	17,4
Seguranza informática	8,7

Enxeñaría Técnica Forestal

Complemento	%
Investigación	17,6
Idiomas	11,8
Formación e Orientación Laboral (FOL)	17,6
Prevenção de Riscos Laborais (PRL)	17,6
GIS	17,6
Economía	35,3
Software especializado	29,4
Programación	11,8

XURÍDICO-SOCIAL

Diplomatura en Maxisterio

- Esp. en Educación Especial

Complemento	%
Psicomotricidade	8,3
Atención á diversidade	16,7
Idiomas	16,7
Lexislación educativa	12,5
Lingua de signos	20,8
Necesidades educativas especiais	16,7
Prácticas	16,7
Formación e Orientación Laboral (FOL)	16,7
Novas tecnoloxías	8,3

- Esp. en Educación Física

Complemento	%
Novas tecnoloxías	21,4
Formación e Orientación Laboral (FOL)	14,3
Prácticas	21,4
Avaliación na EF	14,3

- Esp. en Educación Infantil

Complemento	%
Atención ás necesidades especiais	12,7
Didáctica	15,5
Educación emocional	4,2
Educación infantil	8,5
Idiomas	18,3
Formación e Orientación Laboral (FOL)	8,5
Innovación educativa	7,0
Letoescrita	4,2
Lexislación	11,3
Lingua de signos	2,8
Novas tecnoloxías	18,3
Pedagogía	5,6
Practicum	15,5
Primeiros auxilios	9,9
Programación didáctica	5,6
Psicoloxía	15,5
Organización escolar	2,8
Xogos	4,2
Contos	2,8

- Esp. en Educación Musical

Complemento	%
Idiomas	10,5
Innovación pedagóxica	10,5
Música	15,8
Formación e Orientación Laboral (FOL)	10,5

- Esp. en Educación Primaria

Complemento	%
Atención ás necesidades especiais	19,4
Didáctica	16,1
Educación	14,5
Idiomas	29,0
Lexislación educativa	6,5
Lingua de signos	3,2
Novas tecnoloxías	6,5
Formación e Orientación Laboral (FOL)	6,5

Pedagogía	9,7
Practicum	21,0
Psicología	6,5
Organización escolar	4,8
Programación escolar	4,8
Resolución de conflictos	3,2

- Esp. en Linguas Estranxeiras

Complemento	%
Didáctica	16,7
Idiomas	58,3
Novas tecnoloxías	16,7

Diplomatura en Ciencias Empresariais

Complemento	%
Contabilidade	33,3
Fiscalidade	24,2
Idiomas	25,8
Informática	18,2
Formación e Orientación Laboral (FOL)	4,5
Loxística	4,5
Marketing	3,0
Recursos humanos	19,7
Técnicas de venda	4,5
Software específico	3,0

Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte

Complemento	%
Treino persoal	10,3
Idiomas	20,7
Nutrición	6,9
Formación e Orientación Laboral (FOL)	10,3
Prácticas en empresas	6,9
Primeiros auxilios deportivos	6,9
Pilates	10,3

Licenciatura en Comunicación Audiovisual

Complemento	%
Comunicación	15,4
Autoemprego	7,7
Fotografía	11,5
Iluminación	7,7
Marketing dixital	19,2
Realización audiovisual	7,7
Industria da música	15,4
Xornalismo	7,7
Produción audiovisual	19,2
Idiomas	11,5

Licenciatura en Dereito Económico

Complemento	%
Contabilidade	13,5
Dereito administrativo	8,1
Dereito financeiro	8,1
Dereito civil	10,8
Dereito mercantil	13,5
Oratoria	16,2
Fiscalidade	18,9
Idiomas	24,3
Práctica xurídica	21,6
Dereito do traballo	5,4
Recursos humanos	10,8
Dereito penal	10,8

Licenciatura en Dereito

Complemento	%
Dereito civil	22,2
Dereito do traballo	29,6
Dereito penal	22,2
Fiscalidade	11,1
Práctica xurídica	18,5
Contabilidade	11,1

Licenciatura en Economía

Complemento	%
Dereito	7,3
Finanzas	24,4
Fiscalidade	22,0
Idiomas	34,1
Oratoria	4,9
Informática	14,6
Prácticas	14,6

Diplomatura en Educación Social

Complemento	%
Educación familiar	10,3
Exclusión social	10,3
Idiomas	10,3
Formación e Orientación Laboral (FOL)	10,3
Terceira idade	20,7
Prácticas en empresas	10,3
Saúde mental	13,8
Servizos sociais	10,3
Discapacidade	10,3
Menores	10,3

Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas

Complemento	%
Administración pública	6,2
Asesoramento financeiro	1,9
Auditoría	2,5
Big data	1,9
Calidade	1,2
Comercio internacional	3,1
Dereito do traballo	14,8
Contabilidade	25,9
Software especializado	4,9
Oratoria	4,3
Finanzas	12,3
Fiscalidade	30,2
Idiomas	25,9

Novas tecnoloxías/Informática	14,2
Loxística	3,7
Marketing	8,6
MBA	1,2
Formación e Orientación Laboral (FOL)	1,9
Prácticas	9,9
Prácticas en empresas	9,3
Recursos humanos	14,8
Técnicas de venda	6,2
Consultoría	1,2
Autoemprego	3,1
Prevenición de Riscos Laborais (PRL)	1,2
Dereito mercantil	1,2
Xestión de proxectos	1,9

Licenciatura en Psicopedagogía

Complemento	%
Idiomas	12,5
Investigación	12,5
Formación e Orientación Laboral (FOL)	25,0
Practicum	18,8
Novas tecnoloxías	18,8

Licenciatura en Publicidade e Relacións Públicas

Complemento	%
Comunicación online	5,8
Creatividade	8,7
Deseño gráfico	11,6
Deseño web	7,2
Autoemprego	10,1
Idiomas	18,8
Marketing	43,5
Novas tecnoloxías	7,2
Formación e Orientación Laboral (FOL)	5,8
Prácticas	2,9
Redacción publicitaria	4,3
Relacións públicas	2,9
Relacións laborais	2,9
Protocolo e organización de eventos	11,6

Diplomatura en Relacións Laborais

Complemento	%
Contabilidade	13,9
Dereito do traballo	27,8
Idiomas	19,4
Nóminas, seguros sociais e tributación	8,3
Prácticas en empresas	13,9
Recursos humanos	25,0
Seguranza social	13,9
Informática	5,6
Psicoloxía	5,6
Prevenición de Riscos Laborais (PRL)	5,6

Diplomatura en Traballo Social

Complemento	%
Drogodependencias	10,0
Idiomas	6,7
Intervención profesional	10,0
Recursos humanos	6,7
Saúde mental	6,7
Técnicas de entrevista con sectores específicos	6,7
Terceira idade	6,7
Traballo social na saúde	10,0
Xénero	13,3
Autoemprego	10,0
Novas tecnoloxías	6,7
Formación e Orientación Laboral (FOL)	10,0

Diplomatura en Turismo

Complemento	%
Atención ao cliente	12,5
Enoturismo	8,3
Fontes de financiamento	8,3
Idiomas	45,8
Formación e Orientación Laboral (FOL)	8,3
Programas informáticos específicos	16,7
Protocolo	16,7

Xestión e Administración Pública

Complemento	%
Dereito tributario	17,6
Programas informáticos	17,6
Contabilidade	17,6
Fiscalidade	17,6

4.5 COLABORACIÓN COA UNIVERSIDADE DE VIGO

Finalmente, o cuestionario aplicado incluíu dúas preguntas relativas á vontade de as persoas tituladas manter algún tipo de vinculación coa Universidade de Vigo ben como a indicar, por orde de importancia, as materias nas que podería ser útil a transmisión da experiencia profesional do alumnado.

4.5.1 Vontade de contacto coa Universidade de Vigo

Inquiridos pola súa disposición a manter algún tipo de contacto coa Universidade de Vigo através da súa colaboración como participante en cursos, conferencias e/ou seminarios un 81,9% das persoas inquiridas respondeu afirmativamente (82,9% no caso dos homes e 80,5% no das mulleres).

Por campus, sen existir diferenzas estatisticamente significativas, os titulados/as que realizaron os seus estudos en titulacións do campus de Pontevedra mostraron máis disposición (82,5%) que os de Ourense (78,9%) ou Vigo (82,1%).

Por ámbitos de coñecemento, con diferenzas de significancia estatística, mostraron unha maior disposición os titulados/as de arte e humanidades (84,0%) e científico (83,1%) que os das ciencias da saúde (76,8%), xurídico-social (80,8%) e tecnolóxico (81,6%).

4.5.2 Especialización profesional transmisíbel

As persoas que responderon afirmativamente á súa predisposición a manter contacto coa Universidade de Vigo da forma descrita na epígrafe anterior foron inquiridas polas materias (con indicación da orde de importancia) nas que podería ser útil a transmisión da súa experiencia profesional. A seguir móstranse as principais respostas agrupadas por titulacións.

ARTE E HUMANIDADES

Licenciatura en Belas Artes

Materia	%
Animación	7,5
Arte	17,0
Banda deseñada	5,7
Debuxo	7,5
Deseño	41,5
Deseño web	5,7
Ensino	11,3
Audiovisuais	9,4
Fotografía	18,9
Museos	7,5
Pintura	9,4
Historia da arte	5,7
Xestión cultural	3,8
Vídeo	3,8
Idiomas	3,8
Marketing/Publicidade	7,5

Licenciatura en Tradución e Interpretación

Materia	%
Internacionalización	9,3
Corrección textual	5,6
Dobraxa	7,4
Docencia	3,7
Francés	13,0
Idiomas	5,6
Inglés	14,8
Interpretación	11,1
Lingua de signos	3,7
Galego	9,3
Español	11,1
Localización de videoxogos	9,3
Tradución especializada	64,8
Xestión de proxectos	3,7

Licenciatura en Historia

Materia	%
Arte	20,0
Historia	20,0
Tecnoloxías aplicadas ao ámbito humanístico	20,0

Licenciatura en Filoloxía Galega

Materia	%
Corrección textual	50,0

Licenciatura en Filoloxía Hispánica

Materia	%
Coaching lingüístico	13,3
Lingua española	40,0
Oratoria	13,3
Marketing	13,3
Literatura	13,3

Licenciatura en Filoloxía Inglesa

Materia	%
Docencia lingua inglesa	23,1
Inglés	38,5
Literatura anglosaxona	23,1

CIENTÍFICO

Licenciatura en Bioloxía

Materia	%
Bioloxía	7,7
Embrioloxía	5,1
Ecoloxía	15,4
Inmunoloxía	10,3
Fisioloxía	5,1
Investigación	12,8
Microbioloxía	17,9
Biotecloloxía	7,7
Parasitoloxía	12,8
Prácticas en laboratorio	5,1
Xenética	10,3

Licenciatura en Ciencias do Mar

Materia	%
Acuicultura	10,9
Ecoloxía mariña	10,9
Estatística pesqueira	4,3
Xeoloxía	6,5
Matlab	6,5
Ambiente	6,5
Microbioloxía mariña	4,3
Oceanografía biolóxica	6,5
Química mariña	6,5
Sistema de Información Xeográfica (SIG)	6,5
Xeofísica mariña	4,3
Divulgación científica	4,3
Cambio climático	4,3
Contaminación mariña	4,3

Licenciatura en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos

Materia	%
Investigación	22,2
Tecnoloxía alimentar	22,2

Licenciatura en Química

Materia	%
Calidade	12,0
Xestión ambiental	12,0
Química	20,0
Química analítica	20,0
Química física	8,0
Laboratorio	8,0

CIENCIAS DA SAÚDE

Diplomatura en Enfermaría

Materia	%
Bioloxía	4,7
Enfermaría	7,0
Enfermaría de urxencias	9,3
Enfermaría médico-cirúrxica	14,0

Enfermaría pediátrica	7,0
Idiomas	4,7
Promoción da saúde	18,6
Técnicas enfermeiras	7,0
Anatomía	4,7
Nutrición	7,0
Coidados de enfermaría	9,3
Prevenición de doenzas	9,3

Diplomatura en Fisioterapia

Materia	%
Neurorrehabilitación	28,6
Neurociencia aplicada	28,6

TECNOLÓXICO

Enxeñaría de Minas

Materia	%
Calidade	9,1
Eficiencia enerxética	6,8
Enerxía	22,7
Enerxías renovábeis	9,1
Laboreo/explosivos	13,6
Materiais	11,4
Prevenición de Riscos Laborais (PRL)	15,9
Termografía	4,5
Soldadura	6,8

Enxeñaría Industrial

Materia	%
Administración de empresas	1,3
Automatización	7,2
Enxeñaría de automoción	5,2
Deseño industrial	11,8
Eficiencia enerxética	2,0
Electrotecnia	2,6
Autoemprego	2,0
Enerxía	9,2
Enerxías renovábeis	5,2

Produción	7,8
Investigación	2,6
Enxeñaría térmica	2,0
Idiomas	3,3
Instalacións industriais	5,9
Internacionalización	2,0
Lean	5,2
Loxística	7,8
Manutención industrial	5,2
Máquinas	2,6
Organización da produción	9,2
Soldadura	5,2
Prevenção de Riscos Laborais (PRL)	2,6
Termodinámica	2,6
Xestión de equipos/lideranza	3,3
Xestión de proxectos	11,8
Electrónica	2,6
Materiais	2,0

Enxeñaría Técnica de Telecomunicacións

Materia	%
Xestión de proxectos	45,5
Prácticas	18,2

Enxeñaría en Telecomunicacións

Materia	%
Acústica	3,3
Administración de sistemas	5,0
Autoemprego	6,7
Internacionalización	5,0
Investigación	6,7
Programación	8,3
Redes	5,0
Redes wifi	5,0
Suporte técnico	5,0
Tecnoloxías web	3,3
Xestión de proxectos	16,7
Bases de datos	3,3
Marketing	3,3

Enxeñaría Técnica Industrial

Materia	%
Automatización	7,6
Calculo de estruturas	4,3
Calidade	3,3
Deseño industrial	5,4
Electrónica	5,4
Lideranza/xestión de equipos	4,3
Xestión de proxectos	6,5
Iluminación	4,3
Enxeñaría de automoción	4,3
Innovación	2,2
Instalacións	17,4
Instrumentación industrial	2,2
Lean	4,3
Manutención	5,4
Matemáticas	2,2
Oficina técnica	4,3
Organización da produción	6,5
Prevenção de Riscos Laborais (PRL)	6,5
Robótica	5,4
Enerxía	10,9
Xestión empresarial	2,2
Loxística	2,2
Metroloxía	2,2
Soldadura	2,2

Enxeñaría en Informática

Materia	%
Bases de datos	15,4
Cloud computing	7,7
Xestión de proxectos	11,5
Java	7,7
Programación	19,2
Tecnoloxías web	11,5

Enxeñaría Técnica Agrícola

Materia	%
Calidade alimentar	14,3
Calidade e ambiente	14,3
Enoloxía	19,0
Conxelación peixe	9,5
Química agrícola	9,5
Industrias cárnicas	9,5
Degradación e contaminación de solos	9,5

Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión

Materia	%
Bases de datos	38,5
Tecnoloxías web	23,1
Xestión de proxectos	23,1

Enxeñaría Técnica Forestal

Materia	%
Ecoloxía	11,8
Prevenición de Riscos Laborais (PRL)	41,2
Madeira	17,6
GIS	11,8
Topografía	11,8
Aproveitamentos forestais	11,8

XURÍDICO-SOCIAL

Diplomatura en Maxisterio

- Esp. en Educación Especial

Materia	%
Educación especial	12,5
Deficiencia visual	18,8
Discapacidade/dependencia	18,8
Terapia asistida con animais	12,5
Práctica docente	12,5
Dificultades de aprendizaxe	12,5
Psicomotricidade	12,5
Necesidades educativas especiais	12,5

- Esp. en Educación Física

Materia	%
Didáctica	26,7
Educación física	13,3
Psicoloxía	13,3

- Esp. en Educación Infantil

Materia	%
Currículo	5,1
Didáctica	25,6
Educación infantil	20,5
Idiomas	10,3
Innovación educativa	5,1
Literatura infantil	5,1
Metodoloxías docentes	5,1
Programación da aula	5,1
Psicoloxía	20,5
Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TICs)	5,1
Organización do centro escolar	5,1
Psicomotricidade	5,1

- Esp. en Educación Musical

Materia	%
Didáctica	16,7
Música	33,3

- Esp. en Educación Primaria

Materia	%
Didáctica	25,0
Educación	13,9
Inglés	11,1
Lingua española	8,3
Lingua galega	13,9
Necesidades educativas especiais	11,1
Practicum	5,6
Psicoloxía	11,1
Traballo cooperativo	5,6
Dificultades de aprendizaxe	5,6
Intelixencias múltiples	5,6
Investigación	5,6

Organización do centro escolar	5,6
Matemáticas	8,3

- Esp. en Lingua Estranxeira

Materia	%
Didáctica	33,3
Francés	33,3
Inglés	33,3

Diplomatura en Ciencias Empresariais

Materia	%
Dirección e administración de empresas	21,1
Contabilidade	36,8
Finanzas	13,2
Fiscalidade	18,4
Idiomas	5,3
Dereito do traballo	5,3
Loxística marítima	5,3
Marketing	10,5
Ofimática	5,3
Organización de empresas	7,9
Recursos humanos	7,9

Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte

Materia	%
Actividade física para a saúde	20,8
Lesións deportivas	8,3
Exercicio físico na terceira idade	12,5
Didáctica	20,8
Dirección e xestión de instalacións deportivas	33,3
Ensino	12,5
Treino deportivo	16,7
Fitness	12,5
Formación e Orientación Laboral (FOL)	12,5

Licenciatura en Comunicación Audiovisual

Materia	%
Audiovisual	28,6
Comunicación	28,6

Comunicación corporativa	9,5
Edición	9,5
Fotografía	9,5
Iluminación	9,5
Industria musical	14,3
Cámara	14,3
Publicidade/marketing	19,0
Produción	28,6
Organización de eventos	9,5
Redes sociais	19,0
Son	9,5
Vídeo	28,6
Cinema	19,0

Licenciatura en Dereito Económico

Materia	%
Autoemprego	6,5
Dereito procesual	25,8
Dereito tributario	6,5
Dereito civil	25,8
Dereito concursal	6,5
Fiscalidade	9,7
Lei de Protección de Datos (LOPD)	6,5
Dereito penal	6,5

Licenciatura en Dereito

Materia	%
Dereito civil	20,0
Dereito bancario	15,0
Dereito do traballo	40,0
Dereito mercantil	15,0
Dereito penal	15,0

Licenciatura en Economía

Materia	%
Administración pública	6,3
Econometría	12,5
Economía pública	6,3
Xestión empresarial	15,6
Mellora continuada	9,4

Macroeconomía	9,4
Formación e Orientación Laboral (FOL)	6,3
Marketing	9,4
Fiscalidade	6,3

Diplomatura en Educación Social

Materia	%
Animación e lecer	26,9
Discapacidade	23,1
Educación de adultos	7,7
Formación e Orientación Laboral (FOL)	19,2
Habilidades sociais	7,7
Intervención con menores	15,4
Intervención con terceira idade	11,5
Psicoloxía	15,4
Servizos sociais	7,7

Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas

Materia	%
Administración e dirección empresarial	16,5
Atención ao cliente	8,3
Auditoría	9,8
Banca	4,5
Comercio internacional	9,0
Contabilidade	29,3
Finanzas	4,5
Fiscalidade	18,8
Recursos humanos	7,5
Loxística	3,8
Administración pública	2,3
Técnicas de venda	6,8
Autoemprego	6,8
Dereito do traballo	2,3
Marketing	6,0
Matemáticas	2,3

Licenciatura en Psicopedagogía

Materia	%
Didáctica	8,7

Educación	13,0
Necesidades Educativas Especiais	13,0
Orientación educativa	8,7
Formación e Orientación Laboral (FOL)	13,0
Función tutorial	8,7
Dificultades de aprendizaxe	8,7

Licenciatura en Publicidade e Relacións Públicas

Materia	%
Atención ao cliente	7,0
Comunicación	33,3
Comunicación corporativa	8,8
Creatividade	10,5
Deseño gráfico	5,3
Intelixencia emocional	3,5
Internacionalización	5,3
Marketing	31,6
Produción audiovisual	3,5
Protocolo e organización de eventos	12,3
Publicidade online	10,5
Redacción	7,0
Redes sociais	7,0
Relacións públicas	3,5
Campañas	5,3
Recursos humanos	3,5

Diplomatura en Relacións Laborais

Materia	%
Dereito do traballo	26,3
Seguranza social	10,5
Recursos humanos	10,5

Diplomatura en Traballo Social

Materia	%
Discapacidade funcional	20,0
Menores	15,0
Sexoloxía	10,0
Xénero	15,0
Dependencia	10,0
Formación e Orientación Laboral (FOL)	10,0

Diplomatura en Turismo

Materia	%
Atención ao cliente	25,0
Idiomas	16,7
Habilidades comunicativas	16,7
Operacións hostalaría	25,0
Patrimonio cultural	16,7

Xestión e Administración Pública

Materia	%
Administración pública	25,0

4.6 ANÁLISE DAS RESPOSTAS Á PREGUNTA ABERTA

Finalmente, o cuestionario incluíu unha última pregunta na que a persoa titulada podía acrecentar os comentarios que estimase acaídos.

No total, o 26,0% dos titulados/as inquiridos completou este apartado do cuestionario. A porcentaxe de comentarios achegados polas mulleres (25,9%) neste caso foi levemente inferior aos achegados polos homes (26,2%). Por ramas de coñecemento, a taxa de resposta a esta cuestión aberta foi maior no ámbito xurídico-social (29,2%) e de arte e humanidades (26,0%) que no das ciencias da saúde (9,6%), científico (11,8%) e tecnolóxico (22,9%).

As respostas recollidas, moitas delas de contido amplo, suscitaron unha serie de reflexións complementares ao solicitado nos puntos concretos da enquisa (ver Anexo A1).

No apartado 5.9 das Conclusións móstranse os comentarios recollidos diferenciando os de contido xenérico das respostas comúns encontradas.

Máis concretamente, o Anexo 12 inclúe unha análise dalgunhas das opinións específicas recollidas por titulacións.

5 | Conclusións

5.1 Perfil sociodemográfico

O 61,3% da mostra está constituída por mulleres, comprobándose que a distribución por xénero se axusta practicamente coa poboación de persoas tituladas (60,8% mulleres contra 39,2% homes).

As titulacións con máis presenza de mulleres tituladas son as das ciencias da saúde (84,6%), arte e humanidades (76,9%), xurídico-social (71,1%) e científico (67,6%). Polo contrario, no ámbito tecnolóxico predomina a presenza masculina (69,0%),

Por Campus, a mostra obtida distribúese do seguinte xeito: Vigo (59,0%), Ourense (23,6%) e Pontevedra (17,6%). Máis de dous terzos de persoas tituladas dos campus de Pontevedra e Ourense son mulleres, co 72,0% e 68,1%, respectivamente, alcanzando o 55,5% no de Vigo.

O 95,8% residía en Galicia durante a realización dos estudos. O 82,1% eran das provincias de Pontevedra (58,3%) e Ourense (23,8%) onde se localizan as sedes dos tres campus da Universidade.

Na actualidade o 84,9% das persoas tituladas exercen as súas actividades profesionais en Galicia, cuxa distribución por provincias segue a seguinte secuencia: Pontevedra (56,8%), Ourense (17,1%), A Coruña (11,8%) e Lugo (3,7%). No resto do Estado español traballaban fundamentalmente en Madrid (4,3%) e Barcelona (1,9%), representando a residencia noutra provincia española o 6,6%. Por outra parte, un 8,6% destes titulados/as teñen a súa residencia en 37 países estranxeiros, destacadamente no Reino Unido (20,8%), Alemaña (17,7%), Francia (8,3%), Portugal (7,8%), Brasil (3,7%), México (3,6%), Estados Unidos, Irlanda e Noruega (3,1% en cada un deles).

En función da titulación, as persoas tituladas exercen preferentemente os seus coñecementos en distintos países: Alemaña (predominio de Enxeñaría Industrial, Enxeñaría de Telecomunicacións, Ciencias do Mar e Química), México (Ciencias do Mar), Noruega (Ciencias do Mar e Enxeñaría Industrial), Irlanda (Ciencias do Mar), Estados Unidos (Enxeñaría de Telecomunicacións), Reino Unido (Enxeñaría de Telecomunicacións, Industrial e Minas, Tradución e Interpretación, Publicidade e Relacións Públicas).

5.2 Situación laboral

A porcentaxe de persoas tituladas que manifestan traballar no momento da realización da enquisa foi do 78,5% (o 52% empregado por conta allea na empresa privada, o 18,0% traballando

para a administración pública, un 6,8% de traballadores autónomos e 1,7% de empresarios). Porén, a taxa de actividade media oscila entre o 76,6% para os que traballan en Galicia e 81% noutro territorio do Estado español. No caso das persoas tituladas emigradas nun país estranxeiro, a taxa sitúase entre o 90-95%.

Con respecto ás características do emprego actual, constátase que o 54,3% tiñan un contrato de duración indefinida, o 17,9% un contrato de duración definida (temporal) e un 10,5% un contrato por obra ou servizo.

No tocante á situación de desemprego (un 17,9% do total), as porcentaxes de persoas desempregadas por ámbitos académicos varían entre o 24,0%, 23,9%, 23,3% e 18,8% para os titulados en ciencias da saúde, científico, arte e humanidades e xurídico-social, respectivamente. No ámbito tecnolóxico a taxa de desemprego alcanza o 13,0%.

Relativamente ao tempo de procura de emprego das persoas que están desempregadas, o 30,5% levan entre 0 e 3 meses, o 19,3% entre 3 e 6 meses e o 16,5% entre 6 meses e un ano. Un 18,2% levan máis de dous anos en situación de desemprego.

5.3 Categoría profesional, rama de actividade e tamaño da organización

Un 8,5% desenvolve as súas responsabilidades como directivos, un 61,6% como técnicos/as cualificados/as e un 20,8% como mandos intermedios. Polo contrario, as categorías que non son propias de titulados universitarios, isto é, empregados non cualificados, representan o 8,1%.

A maioría das persoas inquiridas (70,6%) traballa en empresas ou organizacións privadas, o 24,9% no ámbito público e o 4,6% en entidades non lucrativas.

A respecto do tamaño da organización en que se traballa, existe unha preponderancia de persoas tituladas que desenvolven a súa actividade profesional nunha grande empresa (39,7%), seguido pola microempresa (22,8%), pequena empresa (20,5%) e mediana empresa (17,0%).

5.4 Tempo de permanencia no traballo actual

O tempo de permanencia medio das persoas tituladas no seu emprego actual é de 44,67 meses, proporción que varía entre os que levan traballando máis de 69 meses (20,0%) e aqueles de só un ano (27,9%). Os profesionais pertencente á rama tecnolóxica presentan unha media de 49,74 meses, situándose os do ámbito científico no oposto, ao alcanzar unha media de 34,76 meses.

5.5 Sector económico e área funcional da empresa/institución de traballo

No tocante ao sector económico ou de actividade, en orde decrecente, obsérvase a seguinte distribución de respostas: servizos a empresas (14,6%), educación privada (8,4%), sector público (8,2%), servizos informáticos (6,4%), ensino público non universitario (5,9%), automoción (5,8%), ensino superior (4,9%), metalúrxico e eléctrico (4,6%), sanidade e saúde (4,4%), enerxía (3,6%), alimentación (3,5%), finanzas (2,9%), construción (2,4%) e comunicación/publicidade (0,3%).

As principais áreas funcionais ás que están adscritas as persoas tituladas inquiridas nas súas empresas responden á seguinte distribución: ensino/docencia (16,4%), produción (15,3%), I+D+i/investigación (12,0%), administración e finanzas (8,8%), vendas e marketing (6,6%), servizos xerais (5,3%) e atención ao cliente (5,2%), dirección xeral (3,8%), prevención e saúde (4,3%), recursos humanos (1,5%). Nun 8,6% de casos as empresas carecían de áreas funcionais diferenciadas.

5.6 Necesidades formativas de especialización profesional

No cuestionario inquiriuse polos complementos académicos que as persoas tituladas que responderon á enquisa acharon máis importantes de cara a mellorar a súa especialización profesional.

Necesidades comúns:

- Os idiomas é o complemento formativo máis demandado polas persoas que responderon a enquisa, estando presente en case todas as titulacións salvo en Historia, Fisioterapia, Enxeñaría en Informática, Enxeñaría Técnica Agrícola, Enxeñaría Técnica Forestal, Dereito, Educación Social e Xestión da Administración Pública.
- As necesidades de formación e orientación laboral (FOL) é común a titulacións tanto do ámbito de arte e humanidades (Belas Artes), científico (Ciencias do Mar, Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, Química), tecnolóxico (Enx. Téc. en Telecomunicacións, Enx. Téc. Forestal) e xurídico-social (Maxisterio en Educación Física e Educación Musical, Ciencias da Actividade Física e do Deporte e Psicopedagogía).
- As necesidades formativas relativas ao uso profesional das novas tecnoloxías está presente tanto en titulacións do ámbito das artes e humanidades (filoloxías Hispánica e Inglesa), ciencias da saúde (Enfermería) e xurídico-social (Maxisterio en Educación Física, Educación Infantil e Linguas estranxeiras e Psicopedagogía).
- As prácticas en empresas/practicum son unha procura formativa de carácter complementar en titulacións do ámbito das artes e humanidades (Filoloxía Inglesa), científico (licenciaturas en Física e Química), tecnolóxico (Enxeñaría de Minas, Enx.

Téc. Agrícola) e xurídico-social (Maxisterio en Educación Física, Educación Infantil e Educación Primaria, Dereito e Dereito Económico e Psicopedagogía).

- Os coñecementos en economía e/ou xestión empresarial son unha procura tanto de titulacións pertencentes ao ámbito de arte e humanidades (Tradución e Interpretación), científico (Física) como, fundamentalmente, do tecnolóxico (Enxeñaría de Minas, Enxeñaría Industrial, Enx. Téc. de Telecomunicacións, Enx. Téc. de Forestal, Enxeñaría de Telecomunicacións, Enx.a Téc. Industrial e Enxeñaría Técnica Agrícola).
- A calidade é un complemento formativo demandado en titulacións do ámbito científico (Bioloxía, Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos e Química) así como no tecnolóxico (Enx. Téc. Agrícola).
- O software profesional específico é unha necesidade en titulacións do ámbito de arte e humanidades (licenciaturas de Belas Artes e Tradución e Interpretación), tecnolóxico (Enxeñaría de Minas, Enxeñaría Industrial e Enx. Téc. Forestal) e xurídico-social (diplomaturas de Turismo e Xestión e Administración Pública).
- A didáctica é unha necesidade formativa en titulacións do ámbito de arte e humanidades (filoloxías Hispánica e Inglesa) e xurídico-social (Maxisterio en Educación Infantil, Educación Primaria e Linguas estranxeiras).
- A investigación é unha necesidade en Física, Enfermaría e Enx. Téc. Forestal

Necesidades específicas do ámbito científico:

- Técnicas en estatística (Bioloxía e Ciencias do Mar).

Necesidades específicas do ámbito tecnolóxico:

- Xestión de proxectos (Enxeñaría Industrial, Enxeñaría de Telecomunicacións e Enxeñaría en Informática).
- Nas titulacións relacionadas coa informática son necesarios os complementos en bases de datos, tecnoloxías Web e aplicacións móbiles.

Necesidades específicas do ámbito xurídico-social:

- Recursos humanos: diplomaturas de Ciencias Empresariais e Relacións Laborais.
- Dereito do traballo: licenciaturas de Administración e Dirección de Empresas, Dereito e Relacións Laborais.

- Marketing: licenciaturas en Publicidade e Relacións Públicas e Comunicación Audiovisual.
- Contabilidade: diplomaturas en Ciencias Empresariais, Xestión e Administración Pública e Relacións Laborais e licenciaturas en Administración e Dirección de Empresas, Dereito Económico e Economía.
- Fiscalidade: licenciaturas en Economía e Administración e Dirección de Empresas e diplomaturas en Ciencias Empresariais e Xestión e Administración Pública.

O Anexo 13 mostra as principais respostas agrupadas por ámbitos académicos e titulacións.

5.7 Colaboración coa Universidade de Vigo

O 82% das persoas que responderon o cuestionario manifestou a súa disposición a colaborar coa Universidade de Vigo na participación en cursos, conferencias e/ou seminarios. Por campus, non existen diferenzas significativas, oscilando entre o 79% de Ourense, 82% de Vigo e 83% de Pontevedra. Polo contrario, existen diferenzas estatisticamente significativas por ámbitos académicos (84% de Arte e humanidades, 83% Científico, 82% Tecnolóxico, 81% Xurídico-social e 77% das Ciencias da saúde).

5.8 Especialización profesional transmisíbel

As persoas que responderon afirmativamente a manter contacto coa Universidade de Vigo da forma descrita na epígrafe anterior foron inquiridas tamén polas materias (con indicación da orde de importancia) nas que podería ser útil a transmisión da súa experiencia profesional através da súa participación en cursos, conferencias e/ou seminarios. As respostas a esta pregunta permitiron identificar a especialización profesional dos antigo alumnado.

Materias de especialización profesional comúns a varios ámbitos académicos:

- Xestión ambiental e ecoloxía: titulacións do ámbito científico (Bioloxía, Ciencias do Mar e Química) e tecnolóxico (Enx. Téc. Agrícola e Enx. Téc. Forestal).
- Investigación: titulacións do ámbito científico (Bioloxía e Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos) e tecnolóxico (Enxeñaría de Telecomunicacións).
- Docencia: licenciaturas do ámbito de arte e humanidades (Belas Artes e Filoloxía inglesa) e xurídico-social (Maxisterio en Educación Especial).

Materias de especialización profesional específicas do ámbito das artes e humanidades:

- Literatura: licenciaturas en Filoloxía Hispánica e Filoloxía Inglesa.

Materias de especialización profesional específicas do ámbito tecnolóxico:

- Xestión de proxectos: común a todas, salvo en Enxeñaría de Minas e Enx. Téc. Agrícola e Forestal.
- Enerxías: Enxeñaría de Minas, Enxeñaría Industrial e Enx. Téc. Industrial.
- Bases de datos e tecnoloxías Web: Enxeñaría en Informática e Enx. Téc. en Informática de Xestión.

Materias de especialización profesional específicas do ámbito xurídico-social:

- Didáctica: Maxisterio en Educación Física, Educación Infantil, Educación Musical, Educación Primaria, Linguas Estranxeiras, licenciaturas en Ciencias da Actividade Física e do Deporte e Psicopedagogía.
- Discapacidade: Diplomaturas de Maxisterio en Educación Especial, Traballo Social e Educación Social.
- Psicoloxía: Maxisterio en Educación Infantil e Educación Física.
- Xestión empresarial: licenciaturas en Administración e Dirección de Empresas, Dereito Económico (autoemprego), Economía e diplomatura en Ciencias Empresariais.
- Fiscalidade: licenciaturas de Administración e Dirección de Empresas, Dereito Económico e diplomatura en Estudos Empresariais.
- Contabilidade: Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas e diplomatura en Ciencias Empresariais.

O Anexo 14 mostra as principais respostas agrupadas por ámbitos académicos e titulacións.

5.9 Análise das respostas á pregunta aberta

A seguir móstranse os comentarios de carácter xenérico e comúns recollidos á pregunta aberta formulada.

Comentarios xenéricos:

- Recibir información de estudos de posgrao, conferencias,... para ter unha relación máis activa coa universidade e mellorar así os coñecementos como antigos alumnos/as.
- Desexa colaborar coa universidade, se os coñecementos e experiencias adquiridos no mundo do traballo poden ser de utilidade e mellorar así a cualificación dos futuros profesionais.
- Crear unha rede de contactos entre persoas tituladas do mesmo ámbito académico/titulación e seguir a súa evolución
- Interesados en acudir a impartir cursos, conferencias que precise a universidade.
- Colaborar coa universidade através de mestrados e poder transmitir os coñecementos ao alumnado.
- Potenciar o programa Erasmus.
- Potenciar estancias de estudos no estranxeiro.
- Maior nivel de idiomas (coñecemento obrigatorio de linguas estranxeiras).
- Ter acceso ás distintas actividades formativas que puidese ofertar a Universidade.
- Os cursos que se implanten deben basearse en estudos que acheguen novos coñecementos e sexan de utilidade.
- A Universidade deberá facer cursos de formación continuada para ex-alumnos/as, aínda que estean a traballar, para enriquecer o ensino.
- Coñecer os temas en que traballen os Departamentos para posibles colaboracións.
- Creación dunha bolsa de traballo orientada ás persoas tituladas.
- Hai que ensinar a pensar.

Comentarios comúns:

- Enfocar as materias de forma máis práctica.

- A teoría está nos libros; o que se ten que aprender é a procurar información e saber aplicala na vida real.
- Enfocar a formación cara o mundo profesional.
- Máis informacións sobre o mundo laboral.
- Algúns estudos non son acaídos ao nivel que posteriormente se empregarán na vida real.
- Moita teoría e pouca práctica.
- Moita teoría e poucos aspectos prácticos.
- Menos teoría e realización de máis proxectos e prácticas.

Bibliografía

Estudo sobre a experiencia académica e profesional das persoas tituladas da Universidade de Vigo. Promocións de 2008 e 2009. Luis Espada e V. M. Martínez Cacharrón. Consello Social-Universidade de Vigo (2014)

Estudo sobre a experiencia académica e profesional das persoas tituladas da Universidade de Vigo. Luis Espada e V. M. Martínez Cacharrón. Consello Social-Universidade de Vigo (2013)


Estudo sobre a transición do alumnado da Universidade de Vigo ao traballo. Luis Espada e V. M. Martínez Cacharrón. Tribunal de Garantías-Universidade de Vigo (2010)

A experiencia académica do alumnado da Universidade de Vigo en programas de mobilidade internacional. Luis Espada e V.M. Martínez Cacharrón. Tribunal de Garantías-Universidade de Vigo (2010)

Estudo do grao de satisfacción do alumnado coa universidade. Aplicación á Universidade de Vigo. Luis Espada e V. M. Martínez Cacharrón. Consello Social-Universidade de Vigo (2009)

El absentismo del alumnado universitario. El caso de Vigo. Luis Espada e V.M. Martínez Cacharrón. Consello Social-Universidade de Vigo (2009)

Análisis del rendimiento académico del alumnado. Luis Espada. Tribunal de Garantías-Universidade de Vigo (2002).



A1. Cuestionario aplicado

Enquisa sobre o Perfil Profesional das Persoas Tituladas

O presente cuestionario ten por obxecto identificar a especialización profesional das persoas tituladas da Universidade de Vigo cun duplo fin: coñecer a súa dispoñibilidade de colaboración coa Universidade de Vigo así como as súas necesidades específicas de especialización profesional.

Este instrumento consta de tres partes:

- *Parte I: Información introdutoria*
- *Parte II: Información laboral actual*
- *Parte III: Colaboración coa Universidade de Vigo*

En función das súas respostas será encamiñado/a para as seccións do cuestionario que correspondan, de modo que non todas as persoas inquiridas responderán o cuestionario completo.

Moitas grazas pola súa colaboración.

PARTE I: Información introdutoria

Nome

Apelidos

Seleccione o ano en que acabou os seus estudos universitarios (*)

- 2005
- 2006
- 2007
- 2008
- 2009
- 2010
- Outros:

Titulación universitaria que posúe (incluídos mestrados e/ou cursos de posgrao) obtidos na UVIGO(*)

Indique o seu título PRINCIPAL obtido na UVIGO (o que ten maior relación co seu perfil profesional)

Campus (*)

Indique o Campus Universitario da Universidade de Vigo en que obtivo o título indicado na pregunta anterior

- Ourense
- Pontevedra
- Vigo

Parte II: Información laboral actual

Situación actual (*)

Escolla a opción que mellor describa a súa situación actual

- Empregado por conta allea na empresa privada
- Traballo para a administración, funcionario/a
- Desempregado/a procurando emprego
- Empresario/a (titular dunha empresa)
- Autoemprego, traballador/a autónomo/a
- Estudante
- Outros

Traballa por conta allea na empresa privada

Tipo de contrato (*)

- Indefinido
- Temporal
- Por obra/servizo
- En prácticas
- Bolseiro/a
- Sen contrato
- Outros

Traballa para a administración

Tipo de contrato

- Funcionario/a de carreira
- Funcionario/a interino
- Persoal fixo ou indefinido
- Persoal eventual/temporal
- Por obra/servizo
- Bolseiro/a
- Outros

Traballa como autónomo

Que tipo de traballo realiza?

- Autoemprego
- Traballo como autónomo para a empresa privada
- Traballo como autónomo para a administración pública
- Outros

Tempo que leva na situación actual (meses):

Actualmente traballa? (*)

- Si
- Non

Emprego actual

Nome da empresa/institución/organización en que traballa

En que localidade se encontra o seu traballo? (*)

Indique a localidade onde se encontra o seu lugar de traballo independentemente do país onde traballe

Rama de actividade

- Empresa privada
- Ámbito público
- Entidade non lucrativa

Sector económico da empresa/institución/organización en que traballa

- Servizos a empresas
- Público
- Educación privada
- Cerámica
- Servizos informáticos
- Metalúrxico e eléctrico
- Turístico
- Outras actividades sociais
- Madeira
- Química, plástico, vidro, envases
- Agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal
- Finanzas
- Construción
- Aseguradoras
- Automoción
- Papel, gráficas, edición, reprodución
- Alimentación
- Transporte, loxística
- Têxtil, confección

- Enerxía
- Minaría
- Outros

Área funcional/departamento da empresa en que traballa

- Dirección xeral
- Prevención e saúde
- Recursos humanos
- Informática
- Servizos xerais
- I+D+i/Investigación
- Produción
- Non existen áreas funcionais diferenciadas na empresa
- Atención ao cliente
- Vendas e marketing
- Administración e finanzas
- Ensino/docencia
- Outros

Categoría do actual posto de traballo

- Directivo/a
- Mando intermedio
- Técnico/a cualificado/a
- Outros

Tamaño da organización en que traballa (número de traballadores)

En caso dunha empresa con varios centros de traballo, referímonos ao conxunto da organización

- 1-10
- 11-50
- 51-250
- 251-500
- 501-1000
- Máis de 1000

Parte III: Colaboración coa Universidade de Vigo

En que materias/temáticas considera que a Universidade de Vigo debería ofertar formación para cubrir as súas necesidades de especialización profesional)

- 1.
- 2.
- 3.
- 4.

Indique a súa predisposición para manter contacto coa Universidade de Vigo através da súa colaboración na participación en cursos, conferencias e/ou seminarios.

- Si
- Non

Indique, por orde de importancia, as materias nas que podería ser útil a transmisión da súa experiencia profesional

- 1.
- 2.
- 3.
- 4.

Comentario...

Se desexa engadir algún comentario que considere relevante para os fins deste estudo, por favor fágao a continuación:

Por último, agradeceríamos que facilite os datos actuais do seu lugar de residencia a fin de que a Universidade de Vigo conte cun directorio actualizado sobre a especialización profesional das súas persoas tituladas e tamén poder informar oportunamente sobre os resultados desta investigación e das actividades universitarias que podan resultar do seu interese.

- Enderezo (indique o nome da rúa, portal e piso de residencia)
- Código Postal
- Localidade (independentemente do país en que se encontre, indique a localidade da súa residencia actual)
- Tlf de contacto
- e-mail de contacto (indique a conta de correo electrónico onde quere recibir as comunicacións)

Gardouse a súa resposta

Agradecemos a información que nos deu ao responder este cuestionario.

(*) pregunta con resposta obrigatoria para proseguir o cuestionario.

A2. Textos de presentación do cuestionario

Por correo electrónico

Texto de presentación enviado ás promocións de 2005 e 2010:

Prezado titulado/a,

Desde hai dous anos a Universidade de Vigo, através da súa Área de Emprego e da Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade, desenvolve enquisas de seguimento ás persoas tituladas cuxos resultados se plasmaron en dous estudos sobre inserción laboral.

Como titulado/a da Universidade de Vigo propómoslle que participe e coopere nesta investigación sobre o perfil profesional dos egresados/as. A súa participación é de alta importancia para identificar a especialización profesional dos antigos alumnos/as, o que permitirá, por un lado, coñecer a súa dispoñibilidade de cooperación coa Universidade de Vigo e, por outro, detectar as súas necesidades concretas de especialización profesional.

Por favor, se decide responder ao cuestionario, clique no seguinte link para acceder:

<http://egresadosuvigo.blogspot.com.es/p/enquisa.html>

A enquisa, moi breve, está dividida en tres bloques (información introdutoria, información laboral actual e colaboración coa UVIGO), podendo levar uns minutos completala; no entanto, o número de cuestións a responder dependerá da súa situación particular. Coa información recollida a Universidade de Vigo contará cun directorio actualizado sobre a especialización profesional das súas persoas tituladas ás cales poderse dirixir para informar sobre as actividades universitarias que podan resultar do seu interese.

O tratamento estatístico das respostas garante a absoluta confidencialidade das súas opinións e o equipo desta investigación comprométese a respectar o anonimato das persoas participantes. Conforme á lei, dispón do dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición a todo dato que lle afecte.

Para a súa información, pode consultar os resultados dos estudos publicados nas seguintes ligazóns:

Promocións 2006-07:

http://www.uvigo.es/opencms/export/sites/uvigo/sites/default/uvigo/DOCUMENTOS/estudos-programas/Insercixn_laboral_Egresados_x2006-2007x_Luis_Espada_GAL.pdf

Promocións 2008-09:

http://www.uvigo.es/opencms/export/sites/uvigo/sites/default/uvigo/DOCUMENTOS/estudos-programas/Insercixn_laboral_Egresados_x2008-2009x_Luis_Espada_GAL.pdf

Agradecendo de antemán a súa colaboración, reciba un cordial saúdo
Luis Espada Recarey | Director do Estudo

Texto de presentación enviado ás promocións de 2006, 2007, 2008 e 2009:

Prezado titulado/a,

A Universidade de Vigo, através da súa Área de Emprego e da Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade, realizou nos dous últimos anos unha Enquisa de Seguimento de Egresados/as ás persoas tituladas que completaron os seus estudos entre os anos 2006 e 2009.

Nesta ocasión, poñémonos en contacto con vostede para trasladarlle un novo e breve cuestionario dirixido exclusivamente a aquelas persoas tituladas da Universidade de Vigo que participaron nos estudos anteriores, e que cederon os seus datos a fin de recibir información das actividades que a Universidade de Vigo ten previsto dirixir aos seus antigos alumnos.

Por favor, se decide responder ao cuestionario, clique no seguinte link para acceder:

<http://egresadosuvigo.blogspot.com.es/p/enquisa.html>

Trátase, portanto, da culminación dos anteriores estudos co obxecto identificar a especialización profesional dos titulados/as da Universidade de Vigo cun duplo fin: coñecer a súa dispoñibilidade de colaboración coa Universidade de Vigo así como as súas necesidades específicas de especialización profesional.

O tratamento estatístico das respostas garante a absoluta confidencialidade das súas opinións. Conforme á lei, pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición a todo dato que lle afecte.

Para a súa información, pode consultar os resultados dos estudos publicados sobre inserción laboral nas seguintes ligazóns:

Promocións 2006-07:

http://www.uvigo.es/opencms/export/sites/uvigo/sites/default/uvigo/DOCUMENTOS/estudos-programas/Insercixn_laboral_Egresados_x2006-2007x_Luis_Espada_GAL.pdf

Promocións 2008-09:

http://www.uvigo.es/opencms/export/sites/uvigo/sites/default/uvigo/DOCUMENTOS/estudos-programas/Insercixn_laboral_Egresados_x2008-2009x_Luis_Espada_GAL.pdf

Agradecendo de antemán a súa colaboración, reciba un cordial saúdo.

Luis Espada Recarey | Director do Estudo

Por correo postal

Texto enviado ás promocións de 2005 e 2010:

Universidade de Vigo

Vigo, xaneiro de 2015

Prezado titulado/a,

Desde hai dous anos a Universidade de Vigo, através da súa Área de Emprego e da Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade, desenvolve enquisas de seguimento ás persoas tituladas cuxos resultados se plasmaron en dous estudos sobre inserción laboral.

Poñémonos en contacto consigo através desta carta (o seu enderezo de correo electrónico que figura na nosa base de datos está desactualizado) para que, como titulado/a da Universidade de Vigo, participe e coopere na creación dun Directorio actualizado sobre o perfil profesional dos egresados/as. A súa participación é de alta importancia para identificar a especialización profesional dos antigos alumnos/as, o que permitirá, por un lado, coñecer a súa dispoñibilidade de cooperación coa Universidade de Vigo (en charlas, seminarios e/ou cursos) e, por outro, detectar as súas necesidades concretas de especialización profesional.

Por favor, agradeceríamos que respondese o cuestionario, que pode encontrar no seguinte enderezo web: <http://egresadosuvigo.blogspot.com.es/p/enquisa.html>

O tratamento estatístico das respostas garante a absoluta confidencialidade das súas opinións e o equipo desta investigación comprométese a respectar o anonimato das persoas participantes. Conforme á lei, dispón do dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición a todo dato que lle afecte.

Para a súa información, no blogue que contén o cuestionario pode consultar os resultados dos estudos publicados sobre inserción laboral.

Agradecendo de antemán a súa colaboración, reciba un cordial saúdo.

Luis Espada Recarey | Director do Estudo

Texto enviado ás promocións de 2006, 2007, 2008 e 2009:

Universidade de Vigo

Vigo, decembro de 2014

Prezado titulado/a,

A Universidade de Vigo, através da súa Área de Emprego e da Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade, realizou nos dous últimos anos unha Enquisa de Seguimento de Egresados/as ás persoas tituladas que completaron os seus estudos entre os anos 2006 e 2009.

Nesta ocasión, poñémonos en contacto con vostede para trasladarlle un novo e breve cuestionario dirixido exclusivamente a aquelas persoas tituladas da Universidade de Vigo que participaron nos estudos anteriores, e que cederon os seus datos a fin de recibir información das actividades que a Universidade de Vigo ten previsto dirixir aos seus antigos alumnos.

Por favor, agradeceríamos que respondese o cuestionario, que pode encontrar no seguinte enderezo web: <http://egresadosuvigo.blogspot.com.es/p/enquisa.html>

Trátase, portanto, da culminación dos anteriores estudos co obxecto identificar a especialización profesional dos titulados/as da Universidade de Vigo cun duplo fin: coñecer a súa dispoñibilidade de colaboración coa Universidade de Vigo así como as súas necesidades específicas de especialización profesional.

O tratamento estatístico das respostas garante a absoluta confidencialidade das súas opinións. Conforme á lei, pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición a todo dato que lle afecte.

Para a súa información, no blogue que contén o cuestionario pode consultar os resultados dos estudos publicados sobre inserción laboral.

Agradecendo de antemán a súa colaboración, reciba un cordial saúdo.

Luis Espada Recarey | Director do Estudo

A3. Distribución da mostra por campus e titulacións

Titulación	Ourense	Pontevedra	Vigo	%
Administración e Dirección de Empresas	30,2		69,8	7,5
Belas Artes		X		2,8
Bioloxía			X	2,6
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentar*	X			0,7
Ciencias da Actividade Física e do Deporte		X		1,5
Ciencias do Mar			X	3,0
Ciencias Empresariais	29,3		70,7	3,7
Ciencias Policiais e Detective Privado*			X	0,4
Comunicación Audiovisual		X		1,1
Dereito	X			1,4
Dereito Económico			X	1,8
Deseño téxtil e moda*		X		0,1
Economía			X	1,9
Grao en Educación Infantil*		X		0,0
Educación Social	X			1,4
Enfermaría	27,5	20,6	52,0	3,8
